Facultade de
Ciencias da Educación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# TRABALLO DE FIN DE GRAO

ALÉN DAS VERBAS (POUCO) INOCENTES. ANÁLISE CRÍTICA DA SELECCIÓN LITERARIA DOS MANUAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA EN CLAVE DE XÉNERO

MÁS ALLÁ DE LAS PALABRAS (POCO) INOCENTES. ANÁLISIS CRÍTICO DE LA SELECCIÓN LITERARIA DE LOS MANUALES DE EDUCACIÓN PRIMARIA EN CLAVE DE GÉNERO

BEYOND THE (HARDLY) INNOCENT WORDS. CRITICAL ANALYSIS AROUND THE LITERARY SELECTION IN PRIMARY EDUCATION TEXTBOOKS WITH A GENDER PERSPECTIVE

Carolina Carreira Pacoret
Dir.ª Montserrat Muriano Rodríguez

Grao en Educación Primaria
2019

**RESUMO**
Na presente investigación respóndese á pregunta de se a perspectiva de xénero é un dos criterios que se teñen en conta á hora de facer a seleción de textos que se inclúen nos manuais de Lingua Galega e Literatura para a etapa de Educación Primaria. A través da análise dos propios libros de texto ofrécese tamén unha visión integral da maneira na que se integra a literatura nos mesmos, sempre reflexionando sobre a igualdade. O feminino e o galego son os eixes fundamentais sobre os que se artellan as reflexións ligadas aos resultados de investigación, coa intención de presentar um estudo que identifique a situación actual e propoña vías de traballo que marquen o camiño a transitar para mellorar os problemas detectados.

**PALABRAS CHAVE:** feminismo, literatura, galego, prexuízos, LIX, LIXG.

ÍNDICE

1. Limiar 4

2. Obxectivos ou preguntas de investigación 5

3. Xustificación teórica e contextualización 6

3.1. Unha breve viaxe polo proceso de creación da LIXG en clave de xénero 6

3.2. O feminino como colectivo na LIXG 9

3.3. A educación e a literatura como ferramentas potenciais de transmisión de prexuízos de xénero 14

3.4. Minorías e literatura: a LIX, un modelo entre a reprodución e a reconstrución da sociedade 17

3.5. O poder das palabras como espazo de desenvolvemento da propia identidade de xénero e as necesidades do lector actual 18

3.6. Protagonistas na mediación: escola, mais tamén familia e iguais 21

3.7. As voces que construíron o proceso verba a verba: narradores e narradoras para e dende a escola 23

4. Metodoloxía: descrición de instrumentos 26

5. Resultados de investigación 27

5.1. Anaya 27

5.2. SM 29

5.3. Tambre (Edelvives) 31

5.4. Vicens Vives 33

5.5. Rodeira 36

5.6. Análise transversal 37

6. Conclusións 41

7. Valoración da aplicación 45

8. Relación de fontes documentais 47

Anexo I: Táboas de resultados

Anexo II: Exemplos de análise e propostas

ÍNDICE DE FIGURAS

Gráfica 1. Presenza de personaxes femininas protagonistas 38
Gráfica 2. Presenza de personaxes femininas secundarias 38
Gráfica 3. Presenza de prexuízos de xénero nos textos 39
Gráfica 4. Inclusión de temáticas con perspectiva de xénero 39
Gráfica 5. Porcentaxe de textos con autoría feminina 40
Gráfica 6. Comparativa entre emprego de LIX e LIXG 41
Figura 1. Extracto do libro de Lingua Galega e Literatura de 3º de EP de Vicens Vives I 77
Figura 2. Extracto do libro de Lingua Galega e Literatura de 3º de EP de Vicens Vives II 78
Figura 3. Extracto do libro de Lingua Galega e Literatura de 3º de EP de Vicens Vives III 78
Figura 4. Extracto do libro de Lingua Galega e Literatura de 3º de EP de Rodeira 79
Figura 5. Portada da guía elaborada por GÁLIX 80
Figura 6. Segundo título da serie Animalia 80
Figura 7. Dous dos títulos infantís publicados na colección Biblioteca Dramática Galega por Xerais coa colaboración do IGAEM 81

## 1. Limiar

A decisión de comezar unha investigación parte sempre da curiosidade, da necesidade de comprobar se a percepción intuitiva que se ten dun feito se corresponde cunha análise científica do mesmo.

A curiosidade neste caso orientábase cara un ámbito moi concreto, a materia de Lingua Galega e Literatura, e tiña tamén unha dirección clara, o tratamento da perspectiva de xénero na mesma. O convencemento de que os textos literarios que se empregan nas aulas son o factor chave de achegamento á literatura para moitos nenos e nenas e de que eses textos transmiten valores concretos, ademais de ser mapa de ruta para as primeiras incursións literarias autónomas, foi o motivo de centrar a investigación nese eido. Ademais, a lectura é para os que levamos lendo dende que temos lembranzas, eixe vertabrador das nosas experiencias e da nosa evolución persoal, así que semellaba ineludíbel orientar este Traballo de Fin de Grao cara esas primeiras historias que coñecemos da man de mestres e mestras no colexio.

A elección da igualdade de xénero como punto central de análise nace máis ben da conciencia. Se o consideramos un tema central e básico no desenvolvemento do noso alumnado, é fundamental que fagamos un esforzo por analizar en clave de perspectiva de xénero non só a práctica educativa, senón tamén os materiais que entran a diario na aula. E o material didáctico máis visíbel é, sen dúbida, o libro de texto. Precisamente por iso, polo emprego masivo que del se fai no sistema, constitúe un obxecto de análise excelente, pois as conclusións extraídas serán relevantes e extrapolabéis á meirande parte do sistema educativo.

Ao longo das seguintes páxinas artéllase unha investigación cualitativa que non foi sinxela de realizar pola amplitude da mostra e polas características únicas de cada un dos textos analizados, mais recóllense tamén reflexións e ideas, propostas e suxestións de futuro. Porque a actividade académica debe necesariamente ser construtiva e aportar solucións e non só diagnoses. De pouco serve coñecer a situación se non facemos por mudala colectivamente.

A través dunha viaxe verba verba imos fiando antes de nada unha fotografía da historia da Literatura Infantil e Xuvenil no noso país (LIX a partir de agora, e LIXG se nos referimos exclusivamente a Galicia). Achégamosnos a cuestións de vital relevancia para comprender os resultados da investigación, como a evolución dos arquetipos de home e muller na literatura infantil a través da historia ou as necesidades do lector de curta idade na sociedade actual. Tendo xa as bases do coñecemento básico sobre o tema asentadas avanzamos paseniñamente cara a fase

activa e viva do estudo, comezando a desentrañar o deseño de instrumentos de análise e os criterios que se tomarán en conta á hora de entrar a analizar, a ler ao fin e ao cabo, os textos.

Desa lectura analítica saen os resultados de investigación, fiados cos obxectivos e as preguntas de investigación que se formulan xa no comezo, aínda antes de entrar a navegar na xustificación teórica. Mesturando esa xustificación que desentrañabamos no comezo e os resultados de investigación agroman as conclusións, unha das partes máis persoais e fermosas do estudo. Porque de novo, o coñecemento sen reflexión é o baleiro máis absoluto.

E así, avaliando a relevancia académica de todo o traballo realizado na valoración da aplicación, rematamos esta viaxe a través dos libros de textos coa cor morada por bandeira. Quedades convidados a navegar neste mar de verbas e reivindicacións, mais antes de subir, lembrade poñer as lentes de cor violeta!

## 2. Obxectivos ou preguntas de investigación

O presente Traballo de Fin de Grao desenvólvese ao redor dos obxectivos xerais sinalados no punto 3 do Documento Marco do TFG:

A. Integrar as competencias do título de grao.
B. Demostrar a capacidade de busca, xestión, organización e interpretación de información relevante.
C. Desenvolver un pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica e/ou ética.
D. Demostrar habilidades de comunicación oral e escrita.

(Documento Marco, 2018/2019, p. 4)

Xa de maneira máis específica, esta investigación artéllase arredor dunha hipótese central e unha serie de preguntas complementarias que van ser a guía no deseño de instrumentos de análise e na elaboración de conclusións.

Hipótese central: a selección dos textos literarios incluídos nos libros de texto de Lingua Galega e Literatura faise sen ter en conta criterios asociados á perspectiva de xénero.

Preguntas de investigación complementarias: existe unha predisposición a escoller textos escritos especificamente para a infancia? É habitual o emprego de textos escritos orixinalmente en

galego? Cal é o xénero literario imperante? Óptase máis a miúdo pola adaptación dos textos ou polo emprego da súa forma orixinal?

En base a esta hipótese central e a estas preguntas de investigación, establécense os seguintes obxectivos específicos:

A. Determinar se a selección de textos literarios na elaboración de libros de texto de Lingua Galega e Literatura se fai tendo en conta criterios de igualdade de xénero.
B. Artellar unha investigación cualitativa arredor dos textos literarios incluídos nos libros de texto de Lingua Galega e Literatura en base a criterios con perspectiva de xénero e a aspectos formais que respondan ás preguntas de investigación formuladas.
C. Extraer conclusións relevantes arredor dos datos recollidos e formular futuras liñas de traballo no mesmo campo que complementen a presente investigación.

## 3. Xustificación teórica e contextualización

Arredor dos seguintes eixes:

### 3.1. Unha breve viaxe polo proceso de creación da LIXG en clave de xénero

Antes de entrar a empregar as nosas lentes de cor violeta para analizar o proceso de evolución da LIXG (Literatura Infantil e Xuvenil Galega) con perspectiva de xénero é preciso que voltemos a ollada atrás para facermos un breve repaso da eclosión da LIX dentro do ámbito galego.

Está fora de toda cuestión que nos comezos a literatura non adoitaba estar escrita para a infancia, mais ben sucedía que certos textos gustaban máis ás crianzas, probabelmente pola súa compoñente fantástica. Non é até o século XVIII cando comezan a agromar os primeiros exemplos de literatura escrita especialmente para a infancia, xa que é entón cando se comeza a percibir a necesidade de educar á infancia co apoio e axuda de textos, principalmente pertencentes á literatura tradicional (Pardo de Neyra, 2006). A explicación deste fenómeno é ben sinxela e universal, o concepto de infancia como tal non se desenvolve até ese século XVIII (Shavit, 1986) e os pequenos e as pequenas, en caso de acceder a textos literarios, facíano como lectores en xeral sen ningunha consideración en especial. Aínda hoxe atopamos defensores da idea de que na infancia o criterio principal debe ser a calidade do texto ao que se accede, e non tanto o lector ou lectora potencial para o que está escrito. Nese sentido, pode ser relevante para a

nosa investigación formularmos se os textos cos que se traballa na aula son ou non LIX e, en caso de non selo, se se trata de textos adaptados á infancia.

A literatura galega non é unha excepción, os textos das primeiras etapas teñen un carácter xenérico. Porén, non custa imaxinar que certos elementos como as lendas ou as pezas teatrais de temática relixiosa, habitualmente moi efectistas, poderían facilmente chamar a atención de nenos e nenas. Aínda que a elaboración destes textos non tivera esa intención, exemplos de literatura culta como "os miragres de Santiago", "as cantigas de Santa María" ou mesmo historias bíblicas e haxiográficas podían facilmente formar parte do corpus literario ao que os nenos e nenas accedían por contacto na Galicia da Idade Media (Mera, 2004). A isto hai que sumarlle, por suposto, as mostras de literatura oral que formaban parte indiscutíbel da imaxinario común da época e que, con toda seguridade, escoitaban e gozaban nos seus fogares.

Pouco se pode dicir dos Séculos Escuros, alén do feito de que a produción de vilancicos de Nadal e a lírica de circunstancias son os únicos elementos cun mínimo potencial de interese para os novos lectores (Mera, 2004). Pero inmediatamente despois ábrese unha nova época, o Rexurdimento, na que suceden os primeiros feitos salientábeis na LIXG. É preciso, por suposto, falar da que está considerada como a primeira obra en galego escrita especificamente para a infancia, as Fábulas galaico-gallegas de Amador Montenegro Saavedra, publicadas en 1897. Ademais diso, cabe destacar as pezas teatrais que Manuel Lago Fernández, Arcebispo de Santiago, escribiu para crianzas dentro dunha liña temática relixiosa e adoutrinadora (Roig Rechou, 2015). Son as primeiras pegadas da LIXG e débense tomar como o que son, o punto de partida dun proceso, mais non como mostras do que debe ser a LIX. Nese momento, na segunda metade do S. XIX, construíronse os cimentos do que é LIXG hoxe, mais o carácter deses textos é aleccionador e pedagóxico, moi lonxe da óptica do pracer lector que se defende hoxe. Aínda durante o século XX, moito máis fértil en obras, a literatura para nenos e nenas concíbese como elemento de transmisión de valores e coñecementos e, por tanto, como un activo ideolóxico de inmenso potencial nunha época politicamente complexa. Mais antes de mergullarnos nesa nova etapa de fascinante crecemento para o xénero que nos ocupa, temos que facer algunhas consideracións ao respecto.

Non hai dúbida de que as mulleres foron "axentes fundamentais na transmisión dos contos e as responsábeis da produción" (Noia, 2005) mais non é até moi recentemente que comezan a reclamar o seu papel protagonista no feito literario. Por iso imos ver que aínda na meirande parte

do S. XX a perspectiva dos textos de LIXG segue a ser puramente androcéntrica, sen entrar xa no tema da autoría en relación co xénero. Por iso Montse Pena Presas propón agrupar a produción de literatura infanto-xuvenil en Galicia entre os anos 1927 e 1980 nunha primeira etapa inicial onde prima unha escasa publicación de textos para a infancia e a mocidade e onde prima a transmisión de valores e perspectivas tradicionais (Pena Presas, 2018). Seguindo coa súa clasificación, poderiamos diferenciar outras tres etapas entre ese momento e o actual se atendemos a cuestións referentes á perspectiva de xénero. Nunha segunda etapa militante, que abranguería entre 1981 e 1989, conflúen dous aspectos de vital importancia: e eclosión da LIX en Galicia e a segunda onda feminista. Ambas vense reflectidas nas obras dese período, onde si podemos comezar a apreciar uns primeiros trazos feministas. Ese feminismo vese incluído dunha maneira menos explícita aínda que non menos comprometida na seguinte etapa entre 1990 e 2005, que Pena Presas dá en chamar etapa de xeralización de modelos de protagonismo de nenas e mulleres. Xa a partires do 2006 entramos na etapa actual, na que nos atopamos en proceso de incluír non só a igualdade de xéneros, senón tamén a diversidade sexual e outras identidades á marxe da sociedade tradicional.

Mais, quen organiza este cambio nos valores fundamentais da LIXG das últimas décadas? Un proceso destas características dificilmente pode ser abordado dende a individualidade e debe necesariamente ir acompañado por un cambio na mentalidade social para acadar proxección e relevancia. Mais, sen perder isto de vista, si podemos sinalar algúns dos axentes literarios que marcaron e están a marcar o camiño a seguir nesta evolución cara a unha LIXG feminista. E falamos de axentes literarios, pois non só interesa falar de autores e autoras, senón tamén de publicacións e mesmo de editoriais.

E o certo é que non convén esquecer o papel de vital importancia que teñen estas últimas. Pois, a pesar de vivirmos nun mundo globalizado onde cadaquén pode publicar na rede ou mediante numerosas canles obras cos valores que desexe, son as editoriais as que en boa medida marcan o camiño que segue a literatura como construción social. Nese sentido, a selección de obras vai necesariamente conlevar unha carga ideolóxica, da mesma maneira que tamén a conlevaba o mero feito de publicar en galego noutras épocas. Precisamente por iso, convén salientar o feito de que varias editoriais se comprometeran co movemento feminista e coa coeducación nos últimos tempos estabelecendo coleccións que xiran arredor da igualdade. No mundo da LIXG, quen abriu camiño foi Baía Edicións no 2006 cos cinco volumes que conforman “Contos de

Igualdade" e sería A Nosa Terra quen recollería a testemuña co traballo de Ana Pilladea en "Lila Lilaina" (Pena Presas, 2015). Máis recentemente podemos mencionar os seis volumes recollidos en "A igualdade conta" de Edicións Embora entre o 2010 e o 2013. No que se refire ao público xeral, cabe destacar o forte impacto que está a ter a colección "Feminismos" de Galaxia nos últimos meses, a pesar de recoller obras ensaísticas, un xénero literario que habitualmente non é moi cercano aos lectores e lectoras.

Outro axente literario de relevancia no proceso de integrar as reivindicacións feministas e a literatura infantil e xuvenil é a publicación Festa da Palabra Silenciada (Pena Presas, 2018). Entre os seus obxectivos fundacionais, menciónase "dar visibilidade ás mulleres galegas [...], ás facetas artísticas e creadoras silenciadas na maioría das publicacións literarias e culturais do país" e tamén "difundir o pensamento feminista aplicado a múltiples aspectos do coñecemento e a cultura" (Feministas Independentes Galegas, 2007, p.13). Non é de estrañar, por tanto, que dende a súa apertura no 1983 até o último dos seus números especiais que viu a luz no 2006 foran moitas as ocasións nas que se converteu en plataforma de reivindicación dunha LIXG máis comprometida en valores de igualdade e na visibilización de minorías.

### 3.2. O feminino como colectivo na LIXG

Podemos xa que logo concluír que a muller como creadora e transmisora de historias ten un papel extremadamente relevante no proceso que envolve á LIXG. Porén, cal é a visión da muller que transmiten as historias que len os pequenos e pequenas? Reprodúcense os roles tradicionais ou segue a existir unha diferenciación de poder entre xéneros?

Se non remontamos ás palabras de Simone de Beauvoir achamos que xa ela facía unha serie de reflexións arredor da desigualdade entre homes e mulleres e a literatura. Os homes historicamente son os posuidores dos poderes concretos e a maneira de conservalos é asegurarse a sumisión e a dependencia da muller. Para iso empregan códigos que a invisibilizan e lle restan a capacidade de protestar. O home constrúe estereotipos que se reflicten e transmiten tamén na palabra escrita (Beauvoir, 2017), dalgunha maneira delimita física e intelectualmente o espazo de desenvolvemento feminino. Non cabe dúbida de que LIX é unha ferramenta de enorme potencial neste sentido, como xa analizaremos no punto 3.3, mais, que estratexias concretas se detectan na literatura infantil que fomenten eses estereotipos? E aínda antes diso, por que resulta tan complexo producir e fomentar modelos literarios non sexistas?

A esta última pregunta podemos dar múltiples respostas, mais interésannos especialmente as reflexións de Colomer (1998), que sintetiza os obstáculos arredor de tres eixes. O primeiro deles refírese á veracidade das historias, ao seu carácter de reflexo da realidade. Se na literatura presentamos unha sociedade cuns valores e condutas que disten moito dos reais, o lector distanciarase da historia, pasará a percibila como ficción e perderase parte da maxia. Isto non quere dicir que non exista espazo para desenvolver historias sen sexismo, mais é preciso atopar un equilibrio entre o que a sociedade é e o que queremos que sexa, do contrario "a experiencia de vida do lector detecta a historia como estraña e menoscaba a verosimilitude narrativa" (Colomer, 1998, p. 53).

Unha segunda complicación radica na tradición que configura cada xénero literario, que é necesariamente pouco neutra. Neste sentido, a propia experiencia literaria dos nenos e nenas como lectores lévaos a asociar determinadas temáticas e xéneros ao masculino e ao feminino. Mesmo cando estamos a falar de protagonistas femininas, son sempre sospeitosas de masculinización, pois adoitan reproducir arquetipos masculinos nacidos de moldes que se resisten a feminizarse, aínda cando inclúan máis rostros femininos que noutros tempos. E relacionado con este rexeitamento do feminino agroma precisamente o terceiro dos problemas aos que nos enfrontamos. Os lectores e lectoras forman as súas propias pautas de consumo e, moitas veces, fano partindo da necesidade de encaixar en modelos sociais.

Isto implica que os nenos adoitan rexeitar as historias con protagonista feminina, algo que non sucede á inversa. Ademais, tenden a considerar a ficción como algo menos propio do seu xénero, preferindo textos con moita acción e que non teñan lugar en realidades distópicas. Os estereotipos trasládanse aos seus desexos literarios, e as editoriais cobren as demandas do mercado, minimizando así a aparición de modelos alternativos ou diverxentes. Todo isto vese reflectido nos textos de múltiples maneiras, algunhas cuantificables e outras non. Sobre algunhas desas estratexias de desvalorización do feminino na literatura artellaremos a investigación para a que serve de xustificación este texto, mais antes tócanos botar unha ollada en clave de LIXG ás máis importantes.

**Desigual presenza de protagonistas masculinos e femininas**

Que na LIXG e na literatura en xeral existe unha maior proporción de personaxes masculinas en roles protagónicos non é sorpresa ningunha. Podemos citar neste sentido os datos cuantitativos

recollidos por Pena Presas (2012), que conclúe que unicamente un 26,53 % dos protagonistas que transitan polas narracións infantís e xuvenís galegas entre 1975 e 1985 son mulleres. E se falamos de literatura infantil e xuvenil clásica, resulta evidente que as personaxes femininas teñen un falso protagonismo, pois verdadeiramente só aparecen como escusa para que as masculinas poidan exhibir as súas calidades positivas que os converten en heroes. Neste sentido resulta sumamente revelador que o 80% dos antagonistas nos contos dos irmáns Grimm sexan mulleres (Álvarez Núñez, 1988).

A realidade que se agocha tras os datos é que, pese aos esforzos feitos nas últimas décadas que apuntabamos no 3.1, os textos aos que acceden os nenos e nenas aínda adoitan visibilizar moito máis os homes que as mulleres. E para mudar isto, non abonda con incluír personaxes femininas, hai que darlles voz e permitir que se expresen e actúen coa mesma decisión e liberdade que as masculinas. Non serve de nada ter mulleres nos contos se estas van ser meigas malvadas ou mozas indefensas.

**Reprodución de personaxes femininas arquetípicas**

E precisamente aí entra en xogo o seguinte factor a termos en conta, o rol que xogan esas personaxes femininas nas historias. En xeral, podemos dicir que se tende a levar o feminino cara ós polos opostos: ou anxo ou demo. A muller estereotipada está intencionadamente alonxada dos espazos centrais comúns nos que se desenvolve a vida diaria (Macaya, 1997) pois desa maneira resulta moi sinxelo facer ver qué está ben e qué está mal. Adxudicar características desexables ou indesexables a esas personaxes detestables ou perfectos réstalles humanidade, mais serve ao propósito de incluír nas historias xuízos morais e de valor que transmitan preceptos tradicionais.

O arquetipo de muller constrúese partindo dos roles de nai e dona e as virtudes que se valoran son aquelas relevantes para acadar ese dobre estatus como a abnegación e a empatía. A imaxe de muller que subxace a todo isto é a de “muller pasiva, dependente e asexuada que foi expropiada do seu corpo, da súa sexualidade e da súa enerxía vital e creativa” (Méndez, 2004, p. 131). Desta maneira, as personaxes que se axustan ao arquetipo nos contos e lendas tradicionais reciben agasallos e rematan triunfando, mentres que as que non son demonizadas e presentadas sen ningún tipo de calidade positiva. Falar delas como malvadas sen matices non deixa de ser un mecanismo premeditado para silenciar as voces femininas que disinten do estritamente tradicional (Calvo, 2002).

**Actividades e espazos asociados a cada xénero**

Outro mecanismo para limitar o poder que exercen as mulleres nas historias é limitar os espazos nos que se desenvolven as súas accións. Ou tal vez máis que limitar sería conveniente falar de clasificar, pois estudos neste sentido aportan unha nova perspectiva do asunto que é sumamente relevante. Da mesma maneira que na sociedade cada vez máis as mulleres conquistan espazos tradicionalmente masculinos, tamén na literatura as personaxes femininas acceden a actividades e espazos considerados masculinos.Porén, unha investigación de Diekman e Nurmen (2004) demostra que esa relación é asimétrica no sentido de que os homes non se mergullan en espazos tradicionalmente femininos nin exercen profesións ou roles considerados femininos. Até que punto podemos falar entón de igualdade?

O feito de que as mulleres na LIXG comecen a deixar de seren presentadas como nais e coidadoras é unha victoria, por suposto. Mais debe ser complementado con figuras masculinas que exerzan labores de coidado e teñan unha relevancia secundaria fronte á delas. A igualdade é bidireccional, trátase de romper estereotipos e facer os espazos e as accións accesíbeis independentemente do xénero. Fóra desta reflexión, e se falamos de LIX que transmita valores tradicionais, o empeño por impoñer visións dicotómicas do que falabamos anteriormente tamén se ve fortemente reflectido neste aspecto.

Por norma xeral, a xerarquización dos espazos e as funcións por motivos de xénero leva á muller a moverse no ámbito privado e a desenvolverse arredor da reprodución, a intuición e o corpo. Polo súa banda, o home adoita estar ligado á cultura, á esfera pública, á produción e á razón (Méndez, 2004). De novo, son relevantes as conclusións de Pena Presas (2012), que demostran que tan só un 24% das figuras femininas adultas presentes nas narracións de LIXG en 1975 e 1985 exercen unha profesión cualificada, ademais do moi significativo 0% adicado a profesións artísticas. Uns datos que explicitan todo o anteriormente exposto, especialmente a idea de que a creación e o enxeño están vetados para as personaxes femininas. Aínda máis interesante é coñecer que dese 24% un 16% correspóndese con mestras, un colectivo tradicionalmente feminino e unha profesión que, dende o punto de vista conservador, resulta axeitado exercer para unha muller.

**Desvalorización da literatura feminina**

Antes de rematar con este segundo punto da xustificación teórica, hai unha reflexión máis que facer, e podemos introducila coa pregunta que María del Carmen Panero Menor se facía xa no 1988 na Festa da Palabra Silenciada e que fía moi ben coas conclusións sobre igualdade bidireccional que vimos de extraer: "Basta con que non haxa misoxinia para que a literatura ofreza modelos cos que nenos e nenas se identifiquen sen discriminación?" (Panero, 1988, p. 27).

Ela mesma contéstase dicindo que non, e faino ao fío dunha reflexión que está a facer sobre a ausencia de títulos escritos por mulleres nas antoloxías de LIX. Analizar o contido das historias é vital, por suposto; mais tamén é relevante observar quen as escribe e o recoñecemento que acadan. A literatura na súa expresión feminina non tivo o estudo necesario para comprendela en contexto (Socías Muñoz, 2018) e non imos agardar o contrario na LIXG. Porén, nos últimos anos e neste ámbito en concreto están a agromar investigacións sobre este asunto que están a axudar moito na visibilización do feminismo e as mulleres na construción dun sistema de literatura infantil e xuvenil con identidade propiamente galega. Neste sentido é preciso destacar o labor especialmente sobranceiro da investigadora Montse Pena Presas, ampliamente citada no presente estudo e principal referencia no traballo de vinculación de LIXG e perspectiva de xénero.

Seguindo no camiño dos bos datos, cabe reseñar a investigación de Rosa María Martínez publicada en febreiro de 2018 onde, logo de analizar unha mostra significativa de álbumes ilustrados destinados a prelectores entre 0 e 6 anos, conclúe que:

> Contra o que se podería pensar debido á tradición das narrativas de literatura infantil, o número de producións con protagonista feminina e o de producións con protagonista masculino están moi equilibradas. Estes resultados son alentadores cara a unha nova orde literaria onde o xénero feminino é máis visíbel e gaña protagonismo de seu. Porén, estes datos non deixan de encerrar un certo desabor, xa que o papel da muller de mediana idade ou anciá dista moito de ser o desexado. Estas non teñen papeis protagonistas e quedan relegadas a papeis secundarios sen relevancia na narración. Non ocorre o mesmo cos

homes e anciáns, xa que estes a pesar de non teren moitos papeis protagonistas si teñen papeis secundarios de peso necesarios para o relato. (Martínez, 2018, p.  32).

Estamos avanzando no que se refire á representación dos cativos e cativas, especialmente nas características e habilidades que presentan, aínda que non tanto se falamos de homes e mulleres. Xa temos ruta de camiño, agora só queda escribir para mudar as cousas.

### 3.3. A educación e a literatura como ferramentas de transmisión de prexuízos de xénero

Para que sirve a literatura infantil e xuvenil? E a escola? Cumpren acaso ambas a mesma función? Aínda que artellar respostas a estas preguntas non é sinxelo, si podemos nun principio respostar (ou máis ben botar abaixo), a última. Non ten sentido preguntarnos se literatura e educación cumpren a mesma función porque estariamos a poñer os conceptos en posición de enfrontamento, cando son en realidade irmáns que se complementan, ambas nadas da cultura e da palabra. Literatura non é substitutiva de educación nin viceversa, ambas son complementarias. E falamos xa de literatura, non de LIX, pois o sentido ou a intención dos textos escritos expresamente para destinatarios infantís non debería ser diferente da da literatura para adultos. A obsesión por impoñer aos nenos e nenas libros didácticos e exemplarizantes é un revulsivo do pracer lector, e constitúe tamén un excelente veleno para matar o desenvolvemento de lectores autónomos que len por pracer, sen que sirva para nada.

E ollo, isto non significa que ler non sirva para nada, significa que a utilidade non é nin debe ser o único motivo de acceso aos mundos que abre a palabra escrita. Mais que non artellemos o desenvolvemento das experiencias lectoras do noso alumnado ao redor da función que cumpren os textos cos que se relacionan non implica que non poidamos reflexionar sobre elas. Son moitos, de feito, os autores que tratan de dar resposta a esa primeira pregunta de para qué serve a LIX; mais a nós interésannos especialmente as reflexións de Teresa Colomer ao respecto, principalmente porque nos serven tamén para dar resposta á segunda das incógnitas coas que comezabamos este parágrafo: para que serve a escola? Colomer (2010) afirma que a LIX, sempre entendida como literatura e non como pseudoliteratura, cumpre unha serie de funcións que se poden resumir en tres:

1. Iniciar o acceso ao imaxinario compartido por unha sociedade determinada.
2. Desenvolver o dominio da linguaxe a través das formas narrativas, poéticas e dramáticas do discurso literario.
3. Ofrecer unha representación articulada do mundo que sirva como instrumento de socializaión das novas xeracións (p. 15).

Se tomamos estas tres funcións que Colomer enuncia con respecto á LIX e falamos de desenvolver destrezas e non só linguaxe, e de coñecemento compartido no canto de imaxinario compartido, non estamos a definir os ámbitos arredor dos cales se desenvolve a escola? Non son literatura e escola acaso dúas ferramentas complementarias que nos achegan ao desenvolvemento de adultos críticos e autónomos que coñezan o seu propio medio e a súa sociedade?

Xa que logo, se falamos da transmisión de prexuízos de xénero na LIX falamos tamén de transmisión de prexuízos de xénero na educación, pois a escola emprega eses textos como ferramenta e base de traballo. É moi común que a discriminación por xénero sexa transmitida a través dos contos e as novelas, onde se reproduce a sociedade  (Ocho, Parra e García, 2006) e unha das maneiras nas que esa discriminación se traslada ás aulas explica precisamente a elección do noso obxecto de análise. A pesar de que afondaremos máis no asunto no apartado 4, procede afirmar que os libros de texto e, por tanto, tamén os textos literarios que adoitan incluír como base de traballo, constitúen o punto central dende o que se desenvolven as aulas nunha parte moi importante do sistema educativo. Que isto sexa ou non a mellor situación pode ser cuestionábel, mais o non o é que os libros de texto recollen e espallan LIX entre a práctica totalidade dos nenos e nenas en idade escolar do noso país, sexan ou non lectores activos. E isto último é mesmo máis relevante, pois no caso dos pequenos e pequenas que non son lectores habituais, eses textos serán o único contacto co mundo literario, se non reciben un bo modelo por esa vía, non o recibirán por ningunha outra.

E aínda sen caer no dramatismo, non podemos menosprezar a importancia que teñen no desenvolvemento dunha visión propia do mundo os valores implícitos e explícitos da literatura que consumen por pracer ou obriga os nenos e nenas. A obra literaria emprega verbas para "producir un temblor de sentido, poñer en movemento o noso aparello de interpretación simbólica [...] e provocar un movemento de ondas de choque que se prolongan moito tempo

despois do contacto inicial” (Todorov, 2007, p. 80). E abonda con botar unha ollada aos nosos propios historiais lectores para atopar mensaxes implícitas que se cadra poderiamos pasar por alto se non nos detivésemos a reflexionar. Resulta aceptable seguir a empregar nas escolas textos con mensaxes que fomentan a desigualdade de xénero? Está claro que non podemos evitar que as editoriais sigan a editar textos como “Las aventuras de Osete y Gatita”, onde as aventuras del pasan por escalar montañas e atopar tesouros e as dela por prantar flores que logo recolle con pulcritude nun ramo co que agasallar á súa mestra (Susaeta, 1999). O que si podemos evitar é o emprego deses textos na aula, e un primeiro paso é desterralos por completo dos libros de texto.

E precisamente títulos coma ese (dos que poderiamos citar centos ou mesmo milleiros) sérvennos para exemplificar o que se afirmaba no 3.2 ao respecto de que o modelo masculino ampliaba as súas posibilidades, pois mesmo cando se comezaron a introducir personaxes femininas na LIX fíxose dende o arquetipo da masculinidade. Seguimos sen atopar o equilibrio necesario, pois aínda que sacamos as nenas das casas nos contos, seguen sen formar grupos do seu propio sexo e sen ser protagonistas exclusivas da aventura, non poden ser “femininas” ao estilo tradicional, pois seguimos a pensar que iso se contradí coa aventura e a iniciativa (Colomer, 2010). Gatita é feminina porque gusta das flores e o fogar, se a sacamos dese rol cústanos encaixala nun modelo feminino, por moito que o seu nome remate en -a.

O mesmo podemos dicir dese subxénero en auxe coñecido como literatura específica para nenas. Dende o *chick lit* até libros sobre moda e fadas, todo cuberto por unha capa de esmalte de unllas rosa e purpurina que no caso das adolescentes simplemente se limita a engadir un matiz de provocación sexual ás directrices de xénero máis tradicionais e estritas (Olid, 2009). A cantidade de contravalores que asume ese tipo de textos é inmensa, e o potencial efecto que poida ter sobre aqueles e especialmente aquelas que aínda están descubrindo o mundo e como encaixar nel é dificilmente calculábel. E isto non implica que escribir dende a igualdade implique silenciar as condutas tradicionalmente designadas como femininas nin rematar coas descricións físicas detalladas, o que precisamos é ampliar os modelos e introducir modelos de diversidade. A LIX debe falar das maiorías e tamén das minorías, do tradicional e do disruptivo.

### 3.4. Minorías e literatura: a LIX, un modelo entre a reprodución e a reconstrución da sociedade

A LIX estabelece un diálogo entre os nenos e nenas e a colectividade, failles saber como é o mundo, ou cando menos como quereriamos que fose. E a realidade é que o mundo, a sociedade e os valores que se adhiren a ela mudaron nas últimas décadas. Atopámonos ante un novo mundo de valores que vai necesariamente implicar unha nova LIX. Dentro deses novos valores atópase a igualdade, mais tamén a diferenza. As mulleres e as nenas son soamente un dos múltiples colectivos que só recentemente están a atopar o seu oco nos mundos literarios.

Podemos falar de que o compás moral, que sempre marcaba o camiño correcto, é agora un radar que presenta unha visión máis ampla do terreo e as posibilidades (Colomer, 2010). Non debemos ignorar dende a escola os cambios que se están a suceder na nosa sociedade, urxe un compromiso coa educación que potencie "valores sobre os que construír a igualdade e a convivenvia en diversidade" (Soriano, 2011, p.75). E, á vista de todo o analizado no 3.3, queda ben claro que non podemos nin debemos menosprezar o potencial da LIX como ferramenta de desenvolvemento deses valores. Mais, por que centrarnos na perspectiva de xénero? E por que traballar sobre a materia de Lingua Galega e Literatura? Por que ese empeño en falarmos de LIXG?

A resposta podemos facela sinxela ou complexa. Se queremos quedarnos coa esencia, está moi claro, porque a literatura sempre foi e debe seguir a ser espazo de reivindicación das minorías. Serve para darlle voz e poder a aqueles que se ven en posición de subordinación no mundo real. A literatura serve para construír novas realidades e para reflectir criticamente a actual mais ten tamén un potencial moito máis relevante que ese, serve para iniciar cambios nesa realidade que a fagan camiñar cara novas maneiras de entendela. E aínda podemos dicir máis ao falarmos de LIX, pois os nenos e as nenas constitúen, sen dúbida algunha, factores de expansión de novas ideas. Os valores aos que accedan os nosos pequenos e pequenas na escola vanse ver espallados e reproducidos unha e outra vez. Se queremos iniciar mudanzas reais na sociedade, aquí está o noso campo de traballo.

Existe, porén, outra resposta máis complexa aínda que en esencia recolle as mesmas cuestións. Esa outra resposta comeza coa necesidade de empregar as palabras axeitadas sen medo. Porque é importante falarmos de LIX e non só de textos para nenos e nenas, porque é importante falarmos de desigualdade de xénero e non de igualdade cidadá e porque precisamos reivindicar as

investigacións arredor da lingua galega como unha lingua cooficial sen menor relevancia que o castelán. Resulta innegábel que estes tres eixes centrais da presente investigación; o feminismo, a lingua galega e a LIX, son figuras minorizadas e en desventaxa fronte aos seus opostos hexemónicos. Poderiamos ter decidido traballar ao redor dos valores tradicionais (ou patriarcais) no contexto da malchamada "verdadeira literatura" (só para adultos) e con textos da lingua maioritaria (por imposición cultural, o castelán) mais onde quedaría entón o espíritu crítico? Onde quedaría a poesía da prosa académica? Onde quedaría a vontade de mudar os papeis e darlle valor a quen sempre se lle negou?

Comezamos este apartado falando de canto precisamos construír unha educación baseada en valores de diversidade e iso só se pode facer dende a reivindicación das minorías a través da palabra. A palabra deseña universos enteiros, e iso fai que as sociedades desconfíen do que se pode crear a través dela. As palabras xustas asustan os que queren controlar e manter a orde social tal e como está estabelecida (Manguel, 2013) porque recoñecen nela unha ameaza. Falar aberta e insistentemente de feminismo, de lingua galega, de LIX e tamén de LIXG faise entón un exercicio de responsabilidade para os que queremos ser axentes do cambio social, faise unha necesidade para visibilizar as desigualdades antes de podermos subsanalas. Darlle nome ás cousas é un primeiro paso para analizalas criticamente.

### 3.5. O poder das palabras como espazo de desenvolvemento da propia identidade de xénero e as necesidades do lector actual

A ficción literaria constitúe un medio axeitado e poderoso para que os nenos e nenas desenvolvan unha conciencia da realidade, así como unha conciencia autobiográfica acerca dos feitos que viviron e de quen son eles e elas como seres individuais (Leibrandt, 2012). Partindo desta base, ten sentido asumir que os textos aos que estean expostos van configurar en boa parte as primeiras interpretacións que fagan de si mesmos. Se lles aportamos modelos diversos cos que identificarse sentiranse reafirmados nos seus sentimentos, mais se lles impoñemos estereotipos e personaxes arquetípicas, van sentir que son eles e elas os que fallan por non se saberen adaptar ao que deberían ser.

Fernando Valls di en *La realidad inventada* que "se a vida dá moitas voltas, máis voltas ten que dar sempre a literatura" (Valls, 2003, p. 81) e non deixa de ser unha maneira informal de dicir que a literatura ten que contemplar as historias de todos e de todas e darnos espazo para sentirnos

identificados a todos e todas. O desenvolvemento dunha identidade de xénero non é unha excepción a esta afirmación. Nos contos e outras mostras de LIX é necesario apostarmos pola inclusión de maneiras diversas de exercer a feminidade e a masculinidade, así como favorecer a creación de espazos para outras sexualidades alén da heterosexualidade tradicional. Presentar a homes e mulleres como persoas que non ven as súas accións delimitadas nin condicionadas polo seu xénero é esencial para que as crianzas asenten os seus valores na igualdade. Neste sentido, resultan especialmente interesantes as seguintes reflexións de Sartelli (2018):

> A literatura infantil é un factor de transmisión cultural empregado principalmente durante a socialización primaria que permite inculcar valores diversos. Tamén o conto infantil pode ser unha vía pola cal perpetuar a discriminación por sexo marcada por unha cultura patriarcal onde a muller submisa agarda o heroe e o seu príncipe, a madrastra sempre é mala e os nenos son aventureiros, malvados e violentos. É que a influencia que a literatura exerce determina que os nenos cren pautas de conduta determinadas baseadas na información recibida, que serán á súa vez perpetuadas durante a súa vida e transmitidas, novamente, a unha seguinte xeración (p. 15).

Todo isto non deixa de ir na liña que vimos expoñendo ao longo dos puntos anteriores desta xustificación teórica, mais tamén nos leva a facernos unha pregunta fundamental para chegar a comprender o proceso de lectura na infancia no contexto actual. Está claro que as necesidades que deben cubrir os textos da LIX e a LIXG actual non son as mesmas que hai cen anos e iso ten unha explicación clara, os consumidores e consumidoras de LIX non teñen exactamente as mesmas inquedanzas que hai cen anos ainda que certos temas poidan seguir a ser relevantes. Mais, entón, como son os lectores e lectoras infantís e xuvenís a día de hoxe?

Teresa Colomer define ao destinatario da LIX actual a través de seis rasgos que ben nos poden servir non só para definir un perfil xeral, senón tamén para falarmos das súas necesidades lectoras (Colomer, 1998). Para comezar, ímosnos atopar cun lector propio das sociedades actuais. Ese lector vai ter nacido nunha sociedade globalizada, onde as distancias reais desaparecen en virtude dunha virtualización que nos achega ao mesmo tempo que nos alonxa (Soriano, 2011), unha sociedade postindustrial e democrática que crea literatura partindo da base de que o que antes era axeitado non ten por qué seguir séndoo, ao tempo que o que era

inadecuado pode ser a día de hoxe considerado mesmo como natural. Presentarlle a ese lector ou lectora historias baseadas en sistemas sociais antigos e pretender que os tome como propios é un erro.

A segunda característica dese lector ou lectora prototípico é que está integrado nunha sociedade alfabetizada. Vai asistir ao colexio, vai recibir unha educación formal que o vai poñer en contacto con modelos literarios de calidade, ou cando menos iso é o que se asume. Neste sentido, é lóxico que sexa máis normal para el ou ela acceder ao coñecemento a través de fontes escritas e non orais, e que o seu contacto coas formas literarias orais sexa escaso aínda que non inexistente. Iso si, os nenos e nenas están habituados a escoitar falar e ler sobre personaxes que non se atopan na mesma situación con respecto á alfabetización. Abundan na LIX tradicional os exemplos de historias que xiran arredor dos nenos e nenas da rúa, personaxes que a miúdo "transgreden a orde natural establecida, ocupando un espazo híbrido entre o mundo animal e o humano" (Arizpe, 2015. p.15). De novo, minorías e literatura uníndose para crear imaxes que resultan atractivas para os lectores e lectoras polo vivo contraste coa súa realidade. Os nenos e nenas queren ler historias coas que identificarse, mais tamén historias opostas ás que coñecen, o diferente pode ser un valor.

A terceira característica diferenciadora dos receptores de LIX do século XXI é a súa familiarización cos sistemas audiovisuais. Hai que ter en conta que os nenos e nenas teñen unha cultura da ficción que vai máis alá da literatura. Na súa vida diaria consumen filmes, series, series de animación… e todo iso crea neles un criterio amplo con respecto ás historias alleas sexan ou non transmitidas en papel. É razoábel supoñer a necesidade de integrar recursos deses medios na LIX, aínda que tamén sexa necesario preservar os trazos que fan dela literatura e non outra cousa. Non é un traballo sinxelo para os autores e autoras do presente, mais é o que reclaman os nenos e nenas. E ao fin e ao cabo, quen escribe debe ser "mestre de equilibrios e experto en sínteses, para así acadar o mellor dominio técnico e artístico, á vez que se impregna do máis amplo xermolar da vida" (Seoane, 2018, p. 93).

Os dous seguintes aspectos que sinala Colomer (1998) van da man, pois os novos lectores e lectoras vanse incorporar ás correntes literarias actuais ao tempo que vai gozar dun período excepcionalmente rico na variedade de modelos ofertados. Isto é, os pequenos e pequenas que comecen a súa andaina literaria a día de hoxe van facelo nun contexto favorábel. Cuestións como a intensa actividade de tradución no ámbito da LIX amplían notabelmente o corpus de obras ao

que van ter acceso. Tamén é interesante sinalar neste aspecto o excelente labor que están a levar a cabo nos últimos anos editoriais como OQO ou Patasdepeixe, achegando textos de calidade á LIXG e dándolle vida especialmente ao subxénero do álbum ilustrado, que tan alto potencial de cautivamento ten para eses lectores e lectoras que non se queren achegar por vontade propias a formas literarias máis tradicionais.

Por último, hai que ter en conta que estamos a falar dun receptor ou receptora cuxa idade vai en aumento. E esta é unha afirmación que debemos matizar, pois o certo é que a estratificación por idades dos libros é un fenómeno relativamente recente que nace precisamente da relación da LIX co sistema escolar e tamén das necesidades do mercado (Colomer, 1998). Por tanto, ao que nos referimos cando dicimos que aumenta en idade é a que é cada vez máis habitual que adolescentes con capacidade de comprensión suficiente para acceder a literatura adulta decidan seguir transitando exclusivamente polo camiño dos libros xuvenís. Algo ben se estará a facer cando a LIX engacha alén das idades nas que resulta difícil acceder a outros textos.

Xa sabemos entón cales son as características e necesidades dos lectores e lectoras, así como temos claro tamén que esas primeiras lecturas teñen unha relevancia esencial no seu desenvolvemento como persoas, especialmente en aspectos como a construción da identidade de xénero. A pregunta que agroma agora é: como acceden os nenos e nenas á LIX?

### 3.6. Protagonistas na mediación: escola, mais tamén familia e iguais

Vimos de revisar o modelo de lector de LIX mais, até que punto modifican esas características a maneira na que eses lectores e lectoras se achegan á literatura? Existe unha ameaza por parte dos novos formatos ou é unha simple resistencia ao cambio por parte dos sectores máis tradicionais da LIX? Recuperando as ideas de Lucas Ramada, os hábitos de consumo dixital na infancia están ameazando o desenvolvemento intelectual, artístico e crítico das novas xeracións? Ou existe un medo produto do descoñecemento? (Ramada, 2018).

Os hábitos de consumo varían, mais o certo é que non hai ningún motivo para que ese cambio implique un abandono dos hábitos lectores nin un distanciamento da literatura clásica. Simplemente temos que asumir como potenciais mediadores que o noso labor debe tomar vía distintas das que tomaba noutras épocas. E a mediación non é en absoluto un asunto menor. Se queremos expor os nosos nenos e nenas a modelos literarios que transmitan valores de igualdade, temos que saber facelos atractivos, temos que transitar camiños polos que eles e elas queiran

seguir os nosos pasos. Porque se non o facemos imos atopar nenos e nenas que non queren ler e nenos e nenas que len o que o mercado lles impón, atiborrándose de *chick lit* e novelas deseñadas para un xénero en concreto que contradín completamente os valores que dicimos querer asentar.

Anatarambana falaba no seu blogue hai un par de anos no que ela daba en chamar Lectocrímenes, unha serie de actuacións no ámbito da mediación lectora que máis que espertar as ganas de ler, acaban con elas. Mencionaba entón cuestións como a infantilización da lectura, a escolarización da literatura (da man con ese terríbel, traballar logo de ler) ou a feminización da lectura (Garralón, 2017), da que falaremos con detalle no 3.7. Son comportamentos nos que caemos con moita facilidade ao intentar achegar os nenos e nenas á lectura, que evidencian o pouco acerto co que se exerce o papel de mediadores na formación lectora tanto dende a escola como dende a familia.

Porque o certo é que non abonda con falarmos de mestres e mestras, é preciso ter en conta tamén á familia e mesmo os iguais, pois todos eles son axentes de vital importancia no desenvolvemento de hábitos lectores axeitados. Se falamos de familia, hai que lembrar que os primeiros achegamentos do neno ou nena á lectura non van ser espontáneos, van partir da observación e imitación así como da iniciativa dos propios pais e nais (Schaeffer, 1994). Estas primeiras interaccións no ámbito familiar van achegar os pequenos a modelos literarios primeiros, mais van tamén convertelos en suxeitos da propia lectura, ben sexa de maneira activa como lectores ou de maneira pasiva como consumidores de historias narradas por outros. O contorno no que se atopa o neno ou nena debe valorar o tempo de lectura, mais debe facelo dende unha perspectiva de goce, sen presións e sempre fomentando o pracer de compartir historias (Yubero, Sánchez e Larrañaga, 2013).

Unha das responsabilidades máis grandes das familias no seu papel de mediación lectora é a selección de textos, aínda que o mesmo poderiamos dicir da escola e dos libros de texto. De novo hai que resaltar o papel da LIX como unha canle de aprendizaxe e transmisión cultural que reflicte tanto o pensamento dos autores como o contexto no que nacen as historias (Yubero, 2007). Proporcionar modelos axeitados, mais sempre lembrando que a chave do desenvolvemento do gusto lector está na vontade de ler, non na obriga de facelo, é un reto que se fai aínda maior cando nos temos que adaptar a novos formatos e competir con potentes alternativas no campo do ocio tecnolóxico. Aínda así, dende o fogar e dende a escola temos que

procurar lembrar que a literatura como fonte de ocio non é un deber, mais si un dereito (Machado, 2002).

E fáltanos falar dun asunto esencial: o grupo de iguais. Porque sen dúbida algunha a visión que teñen os amigos e amigas do feito lector pode e con toda seguridade vai condicionar os hábitos lectores da meirande parte de nenos e nenas. Mesmo dentro do noso imaxinario literario, as personaxes infantís que asociamos con máis forza ao feito da lectura comparten unha serie de trazos cuxas connotacións non son completamente positivas. Pensemos en *La historia interminable*, en *Corazón de Tinta* ou en *La ladrona de libros*. Todos eles narran historias de nenos e nenas que empregan a lectura como elemento de evasión do mundo real, como fonte de historias fascinantes que difiren moito dunha realidade diaria apática. Mais todos eles son tamén socialmente renegados, sen amigos fóra do mundo literario e a miúdo introvertidos. As historias danlles valor para seren distintos, valentes, para correr aventuras. Porén, non deixa de subxacer esa idea de que o neno ou nena que vive con paixón a lectura o fai para suplir aquilo que non consegue na vida real.

Esta idea trasládase dende idades moi temperás, nas que ler sen obriga de facelo implica ás veces ser diferente, ser sinalado como distinto e case sempre aburrido. Queda moito por traballar neste sentido, na reivindicación da liberdade lectora de cadaquén sen ter que sufrir prexulgamentos

### 3.7. As voces que construíron o proceso verba a verba: narradores e narradoras para e dende a escola

E agora si, antes de pechar esta xustificación teórica toca regresarmos ao máis primitivo do feito literario, a esa comunicación íntima e complexa que se tece entre autor ou autora e lector ou lectora. Pois o certo é que, fóra de que editoriais ou publicacións facilitasen ou dinamizasen a integración de perspectivas feministas na LIXG, os responsábeis últimos son os pais e as nais das historias, das palabras. Semella xusto adicar uns momentos a reflexionar sobre as figuras que máis sobranceiro labor levan desenvolvido neste ámbito nas últimas décadas xa que eles son os verdadeiros arquitectos dunha LIXG con perspectiva de xénero. E que mellor maneira de comezar que polo mestre Agustín Fernández Paz?

Non é discutíbel que a xustiza social constitúe un dos eixos fundamentais da obra de Fernández Paz, e que o desenvolve de maneira sumamente acertada como tema transversal en moitas das súas obras. Pódese dicir que ten un excelente talento para "aguilloar conciencias por medio do

relato da memoria dun presente sobre o que deita unha ollada perspicaz” (Agrelo Costas, 2017, p. 219). El mesmo di que hai persoas que pasan polo mundo sen lograr entender nada do mundo que os rodea porque non se paran a reflexionar (Fernández Paz, 2014), e a reflexionar é ao que invitan cada unha das súas verbas. Na súa ampla produción son extremadamente comúns as protagonistas femininas que se afastan dos papeis pasivos e secundarios, presenta mulleres e nenas decididas e sensíbeis que perciben e analizan o que acontece ao seu redor e non se limitan a quedar sentadas agardando por ninguén. Especialmente destacábel é o labor de empatía que fai en “Rapazas” para poñerlle voz aos pensamentos de sete mozas adolescentes sen caer en tópicos nin na simplicidade.

Na normalización das personaxes femininas destaca tamén o traballo de Marilar Aleixandre, que ademais se esforza por darlles voz a aqueles a quen lles foi arrebatada mediante a violencia (Rossell, 2007). Nas súas obras, especialmente no seu papel como poeta, defende a diferenza e o dereito a erguerse e protestar, a non ser pasivas. Ler poemarios de LIX como *Ovella descarreirada* é un soplo de aire fresco que nos alonxa da tradición descritiva e de éxtase estético e nos achega a unha poesía moderna que invita aos pequenos e pequenas a reflexionar e a formarse opinións propias. Non hai palabras mellores para o explicar que as da propia ovella descarreirada cando afirma “renego do meu fado/ non quero que me conten/ si que me canten/ ou tal vez que me conten contos/ eu son eu/ non un simple número” (Aleixandre, 2014, p. 29).

Moi especial mención merece Fina Casalderrey, pois é a autora de dous dos escasísimos exemplos de LIXG que optan pola violencia contra a muller como temática central. Tanto en *Ola, estúpido monstruo peludo* como en *Xela volveuse vampira* reflíctense situacións extremadamente duras coa sensibilidade extraordinaria que caracteriza á autora mais sen por iso restar gravidade ao asunto. Non é sinxelo verbalizar unha situación de abuso físico para lectores de tan curta idade, mais ela resólveo con imaxinación e creando imaxes cunha gran forza visual. Desta maneira, o maltratador non insulta senón que bota sapos repulsivos pola boca e xa non é un pai normal, senón un ser peludo obsesionado con comer cangrexos con salsa de chocolate branco. É o exemplo perfecto de que temáticas complexas poden facerse accesíbeis aos máis pequenos e pequenas buscando historias que poidan comprender. Tamén podemos destacar dela o seu compromiso para visibilizar as minorías e a inclusión de figuras femininas á marxe do modelo habitual nas súas obras, como fai en *A lagoa das nenas mudas*.

Probabelmente o traballo destes e moitos outros autores e autoras é o motivo de que a día de hoxe a presenza de modelos protagonistas femininos estea tan estendida e normalizada cando hai uns trinta anos non era así en absoluto. Porén, a día de hoxe a loita para a visibilización vai xa noutro camiño e semella que un dos colectivos que máis está a loitar para facerse un oco nos mundos literarios da LIXG é o LGTBIQ. Así, podemos destacar a publicación en 2017 da primeira novela con protagonista transexual da literatura xuvenil galega, *22 segundos*, de Eva Mejuto. Ademais, novelas como *O corazón de Xúpiter* de Ledicia Costas axudan a normalizar a presenza completamente integrada e desdramatizada de personaxes homosexuais e bisexuais no noso imaxinario literario. O feito de que autoras cunha calidade literaria tan alta como María Reimóndez opten por presentar nas súas obras romances á marxe dos valores tradicionais é unha decisión valente que di moito en favor do compromiso da nosa literatura coa visibilización das minorías.

E non olvidemos tampouco os referentes que temos fóra das nosas fronteiras. O traballo de autores e autoras como Christine Nöstlinger na creación de personaxes que esgazan moldes e non aceptan prexulgamentos porque van máis aló de calquera cousa que poidamos presupoñer deles, independientemente do seu xénero. E tamén a visibilización de colectivos á marxe do convencional, da rebeldía e da pouca corrección política que fan escritores e escritoras como Astrid Lindgren coa súa inesquecíbel *Pippi Mediaslongas*. Todos estes son tamén referentes no traballo pola modernización da LIX para que non quede obsoleta nun mundo que precisa tanto da lectura e, especialmente, dunha lectura feminista.

O feminismo, ben sexa militante, académico ou, por que non?, literario, ten como obxectivo central e prioritario a igualdade. Unha obra que fai o esforzo de poñer énfase na igualdade é unha obra feminista, pois loita pola construción dunha sociedade con igualdade de oportunidades e de recoñecemento. Cando falemos de construción da literatura galega, falemos desas autoras-mestras que tanto traballo fixeron e fan en prol da defensa das mulleres e as nenas, da propia lingua e cultura, da diversidade cultural e sexual, do dereito a ser nós sen que iso implique sermos menos ao fin e ao cabo.

## 4. Metodoloxía: descrición de instrumentos

Logo da xustificacion teórica que vimos de facer ao longo do punto 3, toca descibir brevemente as características fundamentais da investigación que se formula, así como os instrumentos empregados para extraer os resultados que se recollen no punto 5.

Neste caso, tomáronse como mostra de análise os libros de texto das cinco editoriais máis potentes no mercado galego correspondentes á materia de Lingua Galega e Literatura e ao terceiro curso de Educación Primaria. Escolleuse este curso por considerar que se dan nesta etapa cambios importantes no desenvolvemento dunha conciencia lectora propia por parte do alumnado e tamén por ser un curso central dentro da etapa. As editoriais escollidas foron: Anaya, SM, Tambre, Rodeira e Vicens Vives. Porén, o noso obxecto de análise non son os libros de texto na súa totalidade, senón os textos literarios que inclúen como ferramenta para incorporar e traballar contidos e habilidades. E hai que facer énfase no adxectivo "literarios", pois excluíronse os textos puramente instrumentais sen autor coñecido que se empregan habitualmente nos exercicios deste tipo de manuais. Tamén se excluiron, por norma xeral, os textos divulgativos, aínda que neste caso se fixo unha excepción xustificada cunha editorial, como ben se explica detalladamente no seguinte apartado.

En total foron analizados cualitativamente 178 textos cos seguintes trece criterios de análise:

- Presenza de personaxes principais femininas (%).
- Presenza de personaxes secundarias femininas (%).
- Roles das personaxes femininas.
- Roles das personaxes masculinas.
- Aparición de temáticas con perspectiva de xénero.
- Reprodución directa ou indirecta de prexuízos de xénero.
- Emprego de linguaxe non sexista.
- Porcentaxe de autoras fronte a autores.
- Clasificación dos textos como LIX ou Literatura adulta.
- Lingua na que foron escritos orixinalmente os textos.
- Emprego de textos adaptados ou orixinais.
- Presenza feminina nas ilustracións.
- Subxénero literario no que se encadran os textos.

Os criterios de análise foron deseñados tendo en conta a hipótese central da investigación e as preguntas complementarias que se recollían xa no punto 2 e os datos foron recollidos e contabilizados a través de táboas de Excel que se poden consultar integramente no Anexo I.
Os datos extraídos desta análise preséntanse editorial a editorial e tamén de maneira transversal no punto 5, e serviron de base para a elaboración das conclusións que se presentan no punto 6.

## 5. Resultados de investigación

A continuación, recóllense os resultados de investigación editorial a editorial incluíndo, como peche, unha análise transversal dos datos totais. As táboas que recollen pormenorizadamente os datos analizados e as reflexións e consideracións relevantes para cada un dos textos analizados pódense consultar no Anexo I.

### 5.1. Anaya

Dentro dos tres libros que conforman o material de traballo básico desta editorial (libros de texto para o primeiro, segundo e terceiro trimestre), intégranse un total de 53 textos literarios como base de desenvolvemento de actividades. Moitos deles atopámolos ao comezo de cada unidade didáctica e esténdense ao longo de dúas ou mesmo tres páxinas, mais tamén se inclúen ao longo das unidades textos de menor extensión con distintos propósitos. Neste sentido, o volume de textos incluídos é bastante alto en comparación con outras editoriais que analizaremos inmediatamente despois.
Entrando xa nos resultados que se extraen da análise deses 53 textos, hai unha serie de datos relevantes que merecen ser comentados. En primeiro lugar, atopámosnos cunha porcentaxe de personaxes principais femininas dun 30.65%, fronte a un 40% se falamos de personaxes secundarias. Isto implica que as personaxes masculinas son máis comúns que as femininas e tamén que, cando aparecen mulleres ou nenas, é mais probábel que o fagan en papeis secundarios. En relación a isto, os roles máis comúns para as personaxes femininas xiran arredor do prototipo de malcriada e caprichosa ou de nena/muller en perigo ou pasiva. Atopamos tamén exemplos de modelos de feminidade distintos, coa inclusión de nenas exploradoras e valentes, mais son os menos. Son moi habituais as personaxes como mestras e avoas que exercen funcións de coidado e protección dos protagonistas, así como tamén aparecen en máis dunha ocasión figuras tan tradicionais como as princesas e as meigas malvadas.

Con respecto aos roles exercidos polos homes neses mesmos textos, tamén hai cousas que dicir. O primeiro de todo é que sempre que aparecen reflectidas figuras de autoridade ou forzas da orde é a través de personaxes masculinas. Ademais disto, son moi comúns os exemplos de figuras coma os mestres e os sabios, aínda que pode ser destacábel que neste caso nos textos fálase de "profesor" cando, como dixemos antes, o seu equivalente feminino parece ser necesariamente "mestra". Tamén atopamos abundantes exemplos de personaxes malvadas como monstros, ogros, piratas ou lobos; aínda que é habitual que rematen redimíndose ou con intención de facelo. En xeral, e se antes falabamos de personaxes femininas caprichosas e pasivas, agora podemos referirnos ás personaxes masculinas como arriscadas, avariciosas e, sobre todo, poderosas. No mundo literario destes libros de texto non hai raíñas, só reis.

En ningún texto se inclúen temáticas relacionadas coa perspectiva de xénero, e no 26.41% deles podemos localizar de maneira directa ou indirecta prexuízos de xénero. Os prexuízos máis habituais son atopar personaxes femininas en perigo que precisan seren salvadas polos protagonistas masculinos, presentar as mulleres e as nenas como obxectos pasivos soamente valorados pola súa fermosura e a inclusión de actitudes de superioridade ou paternalistas por parte das personaxes masculinas. Relacionado con isto, outro dato extremadamente relevante é que tan só o 34.6% dos textos están asinados por mulleres, o que denota claramente unha predisposición a escoller textos escritos por autores e non por autoras. Da mesma maneira é minoritario tamén o emprego da linguaxe non sexista, por non dicir case inexistente. Dos textos nos que tería procedido empregala tan só se empregaba nun, correspondéndose cun 7.7% do total.

O último aspecto relacionado coa perspectiva de xénero que se analizou foi a presenza de figuras femininas nas ilustracións que acompañan aos textos, e de novo podemos constatar un desequilibrio inxustificado. Só o 35.63% das ilustracións representaban a figuras femininas, unha porcentaxe tan só lixeiramente superior ao 30.65% de protagonistas femininas das que falabamos ao comezo. Ese lixeiro ascenso tería sido máis pronunciado se non fose por unha circunstancia ben curiosa que se observa nas ilustracións de grupo. Pois, aínda que se pode comprender que o feito de que os textos falen maioritariamente de homes leve ao ilustrador ou ilustradora a debuxar máis homes nos papeis centrais, non ten sentido ningún que tamén nos debuxos de multitudes ou grandes grupos anónimos se representen moitas menos mulleres.

Fóra de todo o anterior, os textos analizados teñen outras características relevantes á hora de valorar o proceso de selección de textos literarios levado a cabo polos seus autores. Resulta innegábel a aposta de Anaya pola LIX como fonte de recursos literarios nos seus libros de texto, pois o 94.34% dos textos incluídos foron escritos especificamente para nenos e nenas. Ademais, o 75 % dos textos entran tamén no concepto de LIXG, é dicir, priorízase o emprego de textos escritos orixinariamente na nosa lingua. Tamén se prioriza o emprego dos textos na súa versión orixinal e minimízanse as adaptacións, que só representan o 26.42% do total.
O último aspecto analizado é o subxénero ao que pertencen os textos e, neste caso, os resultados contradín as expectativas inicias de supremacía absoluta da narrativa. A poesía xorde como un serio rival inesperado, igualando a porcentaxe da narrativa e quedando ambos nun 46.23% do total. Xuntos constitúen a maioría dos textos seleccionados, aínda que tamén se inclúen exemplos de teatro e banda deseñada. Tan só un 5.66% dos textos se adscriben ao xénero teatral e apenas un 1.89% á banda deseñada. Ademais, non aparece o teatro de ningunha maneira até a última unidade, onde, de pronto, todos os textos literarios parecen ter que ser obrigatoriamente teatrais.

### 5.2. SM

Con respecto a SM, o primeiro dato que chama a atención é a baixa cantidade de textos literarios que recollen os seus libros de texto. De novo, optan por dividir o material en libros individuais para cada trimestre e ao longo dos tres volumes só atopamos 22 textos literarios e 3 divulgativos. Decidiuse incluír estes últimos na contabilización de datos, pois semellan relevantes para asuntos como a porcentaxe de autoras fronte autores ou a presenza feminina nas ilustracións. Esa decisión non foi a única dificultade que conlevou a análise dos textos desta editorial, pois o certo é que moi a miúdo optaban por incluír textos con protagonistas animais e temáticas e argumentos infantilizados, que dificultaban o proceso de recollida de datos. Tamén hai que mencionar a baixísima calidade dos textos de elaboración propia empregados, aínda que non sexan obxecto de análise desta investigación. Outro aspecto que diferencia a esta editorial das demais analizadas é a inclusión, antes de cada texto de comezo de unidade, dun pequeno resumo do seu contido. Isto ten lecturas positivas e negativas, pois, se ben axuda a familiarizar o alumnado coa estrutura dun breve resumo, tamén é certo que reduce a intriga do lector ou lectora pola maneira na que está realizado.

Entrando xa na análise dos datos recollidos, tan só o 27.27% das personaxes principais son femininas e, de novo, observamos como esa porcentaxe aumenta lixeiramente até o 35.29% no caso das personaxes secundarias. Estes datos veñen a confirmar a tendencia que xa marcaban os extraídos da Editorial Anaya, que as personaxes maioritarias son as masculinas e que as femininas son máis habituais en roles secundarios. Neste caso, os arquetipos máis repetidos para as mulleres e nenas dos textos son os de compañeira sentimental do protagonista (dona, namorada ou raíña) e os de familiares como irmás maiores, nais e tías. Cando son protagonistas adoitan ser nenas e non mulleres adultas e as mencións ás súas ocupacións profesionais presentes ou futuras son escasas, só atopamos unha cociñeira e unha futura arqueóloga.

Dentro das personaxes masculinas atopamos nenos que corren aventuras, mais tamén reis, príncipes, emperadores e heroes; de novo figuras con bastante máis poder que as femininas. Mención á parte merecen as personaxes de animais, que adoitan responder tamén a prexuízos de xénero en función do artigo do que vaian acompañadas. Neste sentido atopamos sapos que salvan ás ras, raposas malvadas e vacas despistadas entre outros exemplos. Isto relaciónase directamente co 33.33% de textos nos que detectamos prexuízos de xénero, unha porcentaxe superior á de Anaya, mais nunha liña semellante. Entre eses prexuízos de xénero temos a limitación de figuras femininas a funcións de coidado, a presentación de protagonistas femininas desamparadas sen os heroes e actitudes paternalistas e de superioridade por parte das personaxes masculinas. Ademais, semella que só os homes e os nenos se lanzan á aventura e, novamente, atopamos o poder exercido case exclusivamente dende o masculino.

En ningún momento aparecen reflectidas temáticas que aborden a desigualdade de xénero nin se inclúe unha perspectiva de xénero implícita ou explicitamente, mais á hora de analizar o número de autoras e autores recollidos si atopamos boas novas. A distribución da autoría por xénero é igualitaria, 50% de homes e 50% de mulleres. Isto representa unha notábel mellora con respecto ao dato que manexabamos anteriormente. Unanimidade atopamos tamén no emprego de textos escritos especificamente para nenos e nenas, un 100% dos textos analizados poden ser considerados LIX, e un 58.33% pertencen á LIXG. Neste caso SM opta por incluír exemplos de LIX a nivel estatal e mesmo internacional nunha maior medida que Anaya, aínda que certamente este tampouco pode ser un criterio para valorar a calidade da selección, é simplemente unha circunstancia máis a ter en conta.

Tampouco se aposta pola linguaxe non sexista (0%) nin polos textos adaptados, que representan un 8.33% do total. Si se fai, porén, unha aposta clara pola narrativa como xénero literario hexemónico, correspondéndose cun 63.64% dos textos analizados. A poesía representa un 18.18% e o teatro soamente un 9.09%. De novo, os textos teatrais están limitados á unidade na que se explica o teatro como xénero literario, ignorando a súa potencialidade no traballo da literatura na aula. A banda deseñada queda reducida ao mínimo, cun paupérrimo 4.55%. Non se pode negar a desigualdade desta distribución, aínda que cómpre termos en conta que a mostra é máis escasa que no caso doutras editoriais.

O último aspecto a comentar é a presenza feminina nas ilustracións que acompañan os textos. Neste caso o dato quédase no 25.22%, máis baixo aínda que en Anaya. A razón de que sexa máis baixo é sinxela, inclúense máis ilustracións de grupo e mantense a tendencia de debuxar nelas menos mulleres e nenas que homes e nenos. Esta circunstancia pode semellar anecdótica, mais a realidade é que non fai senón invisibilizar o feminino e darlle máis espazo ao masculino. Mesmo nas multitudes, as mulleres semellamos menos relevantes.

### 5.3. Tambre (Edelvives)

Algúns dos textos literarios empregados por Tambre nos seus libros de texto posúen unha peculiaridade, pois son textos especialmente escritos por Marcos Calveiro para o propio libro de texto e que, ao se uniren, forman unha historia completa. Así, cada unidade comeza cunha nova aventura de Zoe e Lucas e imos seguindo a súa viaxe ao longo de todo un curso escolar. Isto non ten nada de malo en si mesmo, mais é relevante para a intepretación dos nosos resultados no sentido de que doce dos corenta textos analizados comparten autor e practicamente as mesmas caracterísicas. Por iso nalgúns casos, como á hora de falar da porcentaxe de textos adaptados, manexaremos o dato incluíndo eses doce textos, mais tamén sen eles, pois ben pouco sentido tería adaptar un texto expresamente escrito para esas circunstancia e, por tanto, non ten moito sentido computalos.

O primeiro que hai que dicir con respecto aos datos extraídos da análise desta editorial é que nalgúns aspectos son notabelmente máis positivos que os das outras editoriais analizadas até o momento. Por exemplo, a porcentaxe de personaxes protagonistas femininas é de un 44.83%, e de secundarias un 51.47%. Sen seren datos perfectos e aínda tendo en conta que seguen amosando esa tendencia de incluír máis mulleres como secundarias que como protagonistas, está

moito máis preto desa igualdade que sería desexábel. Os roles que máis a miúdo dsenvolven esas personaxes femininas son os de mestra, nai, tía, avoa e, sobre todo, nena. Aparecen esporadicamente outros como o de labrega ou Deusa, aínda que non deixan de ser cuestións puntuais. Inclúense entre eses 40 textos catro cantigas, nas que as personaxes femininas teñen o rol tradicional de namorada, mais hai que comprender eses textos en contexto.

O rol masculino predominante tamén é o de neno, tanto como protagonista das historias como sendo compañeiro de aventuras da/do protagonista. Outros papeis que aparecen reflectidos nos textos son os de Rei, mariñeiro, Marqués, mago ou cabaleiro. Aínda que en menor medida, seguimos a detectar que as personaxes máis poderosas son as masculinas. Neste sentido, rebáixase a porcentaxe de textos que inclúen prezuízos até un 20%. Curiosamente, neste caso, case todos os textos nos que se detectan ese prexuízos son exemplos de literatura adulta, e non de LIX. Como xa mencionamos antes, as cantigas, mais tamén outros textos como as lendas tradicionais, son os textos que máis prexudican as estadísticas sobre asuntos de xénero a esta editorial. Aínda así, seguimos sen atopar nin tan sequera un texto que trate temáticas con perspectiva de xénero.

A categoría na que os datos deixan de ser positivos para seren pésimos é da autoría feminina. Tansóun 17.5% dos textos están asinados por mulleres e aínda se consideramos todos os textos de Marcos Calveiro coma un só, o dato non sobe do 24.14%. É claramente un aspecto no que Tambre sae perdendo con respecto ao resto de editoriais e pon en dúbida o seu compromiso coa loita contra a desvalorización da autoría feminina. Neste sentido, tampouco é a editorial que máis apoia á LIX nin á LIXG. Un 72.5% dos textos incuídos son LIX e un 67.5% LIXG. Porén, estes datos teñen múltiples interpretacións. Alén do aspecto puramente cuantitativo, o certo é que botando unha ollada ás táboas de análise (incluídas no Anexo I, páx. 61), semella que o que se intentou facer foi incluír exemplos de literatura galega da Idade Media e do Rexurdimento para empregalos como base para desenvolver conceptos literarios como as cantigas. A idea non resta calidade á selección, senón que máis ben a valoriza por introducir recursos literarios variados dunha maneira intelixente.

Con respecto á decisión de empregar textos adaptados ou non, a tendencia xeral neste caso é a utilizalos máis a miúdo que noutras editoriais. A nivel xeral, un 30% dos textos son adaptacións, mais, como xa mencionamos antes, non ten demasiado sentido incluír nesta estatística os textos escritos especificamente para cada comezo de unidade. Desta maneira, a porcentaxe que

verdadeiramente reflicte a intencionalidade dos autores dos libros de texto é a dun 42.86% de textos adaptados. É bastante se o comparamos cos que manexamos até o de agora, pero o certo é que como se discute na xustificación teórica (punto 3.1), non existe unha unanimidade con respecto ao emprego ou non de textos orixinais fronte a adaptacións, de maneira que resulta difícil valorar o dato positiva ou negativamente.

Podemos dicir que, aínda que Tambre continúa as tendencias marcadas até o de agora por Anaya e SM nalgúns aspectos, como pode ser o escasísimo emprego da linguaxe non sexista (tan só nun 5.88% dos textos), rompe moldes con respecto a unha cuestión concreta: as ilustracións. A práctica de incluír máis homes e nenos que mulleres e nenas nas ilustracións grupais desaparece e os datos xerais conclúen, de feito, que as mulleres están lixeiramente máis representadas que os homes. Un 54.81% das figuras que acompañan aos textos son femininas, un dato moi cercano á centralidade que só se pode considerar como unha victoria. Ademais, se inclúen debuxos de mulleres con características que rompen lixeiramente os estereotipos habituais dos libros de texto cheos de mozas loiras con cola de cabalo, mulleres delgadas e novas e avoas de recatado peiteado e sorriso perenne. Atopamos mulleres co cabelo curto, con aneis no nariz e de cor negra. Aínda que estas imaxes seguen sen ser a norma, comezan a parecer ao longo dalgunhas ilustracións, un primeiro paso cara a unha representación real do mundo diverso no que vivimos.

O último que nos queda por analizar é a clasificación dos textos en función do xénero literario ao que se adscriben e, nese sentido, hai ben pouca discusión. A dominancia da narrativa é absoluta, cun 75% dos textos. A poesía aparece aquí e aló, mais case sempre vinculada a explicacións concretas das características dos textos poéticos representando un 22.5% do total. E de novo o gran esquecido é o teatro, que conta cun só exemplo ao longo dos tres libros que constitúen a proposta de Tambre, isto é, un 2.5%. A diferenza das anteriores editoriais, non se inclúe ningún fragmento de banda deseñada. Á vista dos datos, resulta evidente que este campo tamén e susceptíbel de importantes melloras.

### 5.4. Vicens Vives

As porcentaxes derivadas da análise dos corenta textos literarios que inclúen os libros de texto de Vicens Vivens son sorprendentemente semellantes, ou mesmo se podería dicir en ocasións que positivos, en comparanza con outras editorias revisadas. Mais se deixamos a un lado a análise

cuantitativa e valoramos aspectos cualitativos, está ben claro que a imaxe que se dá do feminino é extramadamente tradicional e pouco axeitada.

Isto apréciase con especial claridade nas ilustracións e fotografías que acompañan os textos, onde as mulleres sempre levan saia e cabelo longo e só exercen labores do fogar ou de relevancia secundaria. As profesións represéntanse extremadamente polarizadas con respecto ao xénero, de maneira que todas as mestras e enfermeiras son mulleres e os tendeiros, os médicos e os policías homes. Ademais, as representacións de mulleres adultas sempre teñen un aire maternal e adoitan estar acompañadas de nenos e nenas aos que coidan. Da mesma maneira, as nenas e os nenos están representados de maneiras distintas, eles correndo e sendo activos e elas sempre tranquilas e sorrintes. Tamén hai que dicir que as ilustracións van da man dos textos noutro aspecto, a excesiva infantilización. Moitos dos textos que se empregan xiran ao redor de animais humanizados, o cal non ten nada de malo en si mesmo, mais neste caso chega ao punto de semellar que os nenos e nenas só poden entender o mundo se llo simplificamos e llo modelizamos a través de historias simplistas de gatos e ratos.

Fóra de todo o anterior, cómpre recoller os datos extraídos da análise dos textos. Neste caso, a porcentaxe de personaxes femininas principais é maior que a de secundarias, un 48% fronte a un 34.88%. Isto rompe a tendencia que se viña impoñendo até agora de atopar máis mulleres e nenas como secundarias que como protagonistas. Os roles que exercen as personaxes femininas máis habitualmente son os de nena, mestra, nai e avoa, aínda que tamén atopamos outros como os de boneca, princesa, fada ou raíña. No referente ás personaxes masculinas atopamos nenos e pais, máis tamén guerreiros, soldados, taxistas, carteiros, cazadores e carniceiros. Un papel que se repite en varias ocasións é o de príncipe, moito máis común neste caso que o de rei que viña sendo moi habitual nas editoriais anteriormente analizadas.

No referente á presenza de texto con temáticas asociadas á perspectiva de xénero, sucede algo ben relevante. Aparece por primeira vez un texto que contén esta variable, *Billy e o vestido rosa.* Isto significa un 2.5% do total, mais o verdadeiramente importante é o extracto selecionado (pódese consultar na fig. 1, Anexo II páx. 76). O emprego do texto é tan malo que en lugar de considerar positiva a súa inclusión non podemos senón valorala negativamente, aínda que nesas consideracións entraremos no punto 6 e non agora. Na parte do libro escollida non hai reflexións sobre a igualdade, só se explicita brutalmente a diferenza entre nenos e nenas. O protagonista, que ven de espertar convertido en nena atópase, de repente, vestido de rosa e recibindo

numerosos cumpridos polo seu aspecto por parte dos seus pais e de compañeiros de colexio. Agora é unha nena e debe ser tranquila e estar fermosa. A situación agrávase cos exercicios propostos a raíz do texto, así como coas ilustracións, entre as que podemos mencionar unha que representa á nai de Billy cosendo o devandito vestido rosa cun sorriso deleitado (fig. 2, Anexo II, páx. 77).

Isto sérvenos de exemplo de cómo facer unha mala utilización dun texto que, ben empregado, podería ser moi útil para incluír a perspectiva de xénero. Acontece exactamente o mesmo con outro dos textos seleccionados, provinte do libro *Ra por un día.* Outra excelente oportunidade desaproveitada neste sentido. Non son os únicos exemplos de textos que conteñen prexuízos de xénero na escolla feita por Vicens Vives, en realidade un 27.5% dos textos analizados inclúenos de maneira explícita ou implícita. E, de feito, ás veces é moi explicitamente, coma no poema *As letras* onde se di que ás nenas lles gusta ir xuntas pola rúa lucindo vestidos novos e que deben ser moi formaliñas para ser boas. Pódese consultar o poema íntegro tal e como o recolle o libro de texto na figura 3 (Anexo II, páx. 77). Aínda así, os prexuízos de xénero que máis se repiten son os habituais, presentar a muller coma un obxecto cuxo valor se define en función do seu aspecto físico, que o poder se exerza exclusivamente dende o masculino e a adxudicación do rol de coidadora ás mulleres e de heroe aos homes.

Avanzando na nosa análise, constatamos que o 37.5% dos textos están asinados por mulleres e que todos eles foron escritos intencionalmente para a infancia. Porén, tan só o 50% pode ser clasificado como LIXG, a porcentaxe máis baixa até o de agora. Idéntica é a porcentaxe de textos adaptados, xustamente a metade. Está claro Vicens Vives fai unha aposta menos forte que outras editoriais pola literatura galega e polos textos orixinais. Da mesma maneira, o emprego de linguaxe non sexista no semella ser obxecto de preocupación, pois só o 10% dos textos nos que sería axeitado empregalo o empregan. Onde si podemos facer unha lectura positiva é na presenza feminina nas ilustracións, un 46.75%, aínda que este dato ven matizado por todo o exposto acerca deste ámbito no comezo da análise da editorial.

Por último, tócanos centrar a nosa atención na clasificación dos textos en función do subxénero ao que pertencen. Neste sentido, a dominancia da narrativa é clara, acaparando o 70% dos textos. Ben por debaixo séguea a poesía, cun 20%, e de novo voltamos a atopar o teatro e a banda deseñada reducidos ao mínimo, un 2.5% e un 7.5% respectivamente. O feito de que só atopemos un texto teatral nos tres volumes que conforman o libro de texto é absolutamente incompresíbel,

aínda que non deixa de estar en concordancia co que levamos visto nese sentido até o de agora en tódalas editoriais.

### 5.5. Rodeira

O primeiro que chama a atención dos datos relativos a Rodeira é o baixo número de textos literarios que se incluén, soamente 21. Porén, o certo é que este dato tan baixo ten unha explicación. Non é que Rodeira formule un traballo a partir de textos menor que outra editoriais, a chave máis ben está nos textos que decide empregar. En moitas ocasións, decántase por textos expositivos extraídos da rede e, en ocasións mesmo de fonte descoñecida. En todo caso, nunca están asinados e carecen de carácter literario, o que nos impide incluílos na nosa análise. Non podemos tampouco consideralos para determinadas categorías de análise como si fixemos excepcionalmente con tres textos da editorial SM, pois non están asinados nin referenciados, o que os inutiliza para a actual investigación.
Dentro dos textos que si puidemos analizar, as conclusións son relativamente positivas no sentido de que supoñen leves mellores con respecto das demais editorais. Porén, a situación segue a estar lonxe da ideal en certos aspectos. Mais comecemos, como vimos facendo até o de agora, pola presenza de personaxes femininas nos textos. Neste sentido, un 44% dos protagonistas son mulleres e nenas e un 41.46% das personaxes secundarias son femininas. Este dato está relativamente preto da igualdade, mais aínda nos atopamos por debaixo dese 50% ideal. Nos textos fálase de moitas nenas e moitas nais, como ven sendo habitual, aínda que tamén aparecen algunhas outras figuras curiosas, como unha domadora, unha bailarina e mesmo unha enfermeira de guerra retirada. Dentro das personaxes masculinas seguen sendo habituais os nenos (algúns deles con características que os inclúen en minorías sociais, como a orfandade ou o Síndrome de Down) e pais, aínda que tamén especialmente os avós. Ademais, aparecen capitáns, reis, tecedores, criados e panadeiros; entre outros.
Entrando xa na análise da presenza de temáticas vinculadas á perspectiva de xénero, de novo tócanos facer unha mención moi concreta e non positiva. Inclúese entre os textos escollidos para comezar unha das unidades didácticas *O ferreiro de Castrelos*, un conto de Castelao sobre un ferreiro casado cunha moza tan fermosa que, morto de celos, decide golpeala até rematar coa súa fermosura e coas miradas doutros homes. No texto menciónanse numerosas situacións de violencia alén da brutalidade física manifesta, como a decisión de manter a muller encerrada na

casa coas fiestras tapiadas e a culpabilización da dona polo desexo que o marido pensa que esperta noutros homes (fig. 4, Anexo II páx. 78). A potencialidade de reflexión do traballo con este relato é evidente, mais de novo non se aproveita. Os exercicios posteriores suxiren inventar outro final ao real (Deus intervén salvando á moza) e dinámicas semellantes(fig. 4, Anexo II páx. 78), no canto de fomentar o debate e a relación coas situacións de violencia de xénero que moitas mulleres viven hoxe e que, probabelmente, algúns nenos e nenas terán vivido de primeira man.

En todo caso, a inclusión deste texto significa elevar a porcentaxe de textos con temáticas sensíbeis á perspectiva de xénero até o 4.76%, un dato moi pobre pero que non deixa de ser o máis elevado das cinco editoriais analizadas. Outra vitoria comparativa con sabor lixeiramente amargo é o 14.29% de textos con prexuízos de xéneros que se contabilizaron. Por moito que nos gustaría poder falar dun cero absoluto nesta categoría de análise, os datos de Rodeira son os máis baixos das cinco editoriais. Moito menos obxectábel é o 47.37% de textos asinados por mulleres, un bo dato moi achegado á igualdade.

Con respecto aos destinatarios orixinais dos textos escollidos, un 85.71% foi escrito para a infancia e un 66.67% creouse orixinariamente en galego, bos datos para a LIX, mais algo menos para a LIXG. A porcentaxe de textos adaptados é media, un 33.33% e a presenza feminina nas ilustración bastante importante, sendo un 47.83% das figuras representadas femininas. Porén, nas dúas categorías de análise restantes os datos están lonxe de seren ideais. A linguaxe non sexista está absolutamente desaparecida, marcando igual que aconteceu con SM un 0%. E a clasificación por xénero literario amosa que a banda deseñada non está reflectida en ningún momento e que o teatro segue a estar absolutamente minorizado con tan só un 9.52% a pesares de ser o mellor dato das cinco editoriais. Por outra banda, a narrativa segue coa súa hexemonía acaparando o 71.43% dos textos e a poesía quédase nun 19.05% do total.

### 5.6. Análise transversal

A modo de peche deste apartado de resultados de investigación, imos fixarnos nos datos totais para cada un dos ítems analizados, ademais de botar a vista atrás e presentar conxuntamente os datos recollidos máis relevantes. Para iso imos empregar tamén gráficas de barras que permitan visualizar dunha maneira rápida e eficaz a distribución das variábeis para cada editorial, incluíndo tamén  dato xeral, dunha maneira comparativa.

Para a primeira categoría analizada, a presenza de personaxes femininas con roles protagonistas, a media total é dun 39.04%. A porcentaxe amplíase se falamos de personaxes femininas secundarias até o 42.08%, así que podemos dicir que se consolida, a nivel xeral, a tendencia de incluír máis personaxes masculinas que femininas e que estas últimas desenvolven labores secundarias máis habitualmente que roles protagonistas. Os datos relativos a estas dúas categorías pódense consultar nas gráficas comparativas 1 e 2, que se recollen a continuación e que, igual que resto de táboas incluídas neste apartado, son de elaboración propia.




**Gráfica 1. Presenza de personaxes femininas protagonistas. Fonte: elaboración propia**




**Gráfica 2. Presenza de personaxes femininas secundarias. Fonte: elaboración propia**

Ben máis preocupantes son os datos referentes ao emprego de textos que inclúen prexuízos de xénero, un nada desprezábel 24.72% dos textos analizados incluíanse nesta categoría, come se pode ver na gráfica 3. Ademais, a isto hai que engadir a constante teima de presentar as mulleres como coidadoras, nais, avoas e mestras, mentres que os que viven as aventuras son os homes. Ben ilustrativo da pouca importancia que se lle dá á perspectiva de xénero é ese 1.12% de textos que inclúen temáticas relacionadas coa discriminación ou a violencia por razóns de xénero (datos referentes á gráfica 4). Mesmo os textos que constitúen esa escasa minoría están empregados de maneira incorrecta como fomos analizando ao longo das páxinas anteriores.




Gráfica 3. Presenza de prexuízos de xénero nos textos. Fonte: elaboración propia




Gráfica 4. Inclusión de temáticas con perspectiva de xénero. Fonte: elaboración propia

Especialmente relevante semella o dato xeral de textos asinados por autoras, só un 34.86%, moi lonxe da igualdade, dende logo. Neste caso os datos varían bastante emtre unhas editoriais e outras, como se pode ver na gráfica 5.




**Gráfica 5. Porcentaxe de textos con autoría feminina. Fonte: elaboración propia**

No que se refire ao emprego de textos escritos especificamente para a infancia, a porcentaxe é alta, un 89.93% fronte a un 64.04% que, ademais, foron escritos orixinalmente en lingua galega (ambos datos pódense comparar na gráfica 6). Esta última porcentaxe varia moito dunha editorial a outra, como tamén acontece co emprego de textos adaptados (30.9% no total). Como xa analizaremos no punto 6, resulta evidente que non todas as editoriais apostan ás mesmas cartas.




**Gráfica 6. Comparativa entre emprego de LIX e LIXG. Fonte: elaboración propia**

Dous dos últimos ítems analizados amosan á perfección o fenómeno de invisibilización da muller na literatura. Analizadas todas as ilustracións que acompañan os textos literarios, podemos concluír que tan só un 39.58% das figuras representadas son femininas, unha porcentaxe que reproduce a desigualdade que xa observabamos na distribución de personaxes femininas e masculinas. Ademais, non estamos a valorar a necesidade de darlles palabras e espazo lingüístico ás mulleres e nenas, pois só o 4.61% dos textos facían esforzos por empregar linguaxe inclusiva.

Por último, no que se refire á distribución dos textos en función do xénero literario ao que se adscriben, confírmase a hexemonía da narrativa (65.26%) fronte a unha poesía que planta batalla (25.19%) e a un teatro e unha banda deseñada case desaparecidos (5.85 e 2.79% respectivamente).

## 6. Conclusións

Os resultados de investigación explícanse por si mesmos, mais o certo é que algúns dos datos nos serven para facermos unha reflexión alén do evidente. Sucede así, por exemplo coas porcentaxes de personaxes masculinas e femininas. Os datos non son catastróficos, aínda estando lonxe da igualdade. Porén, para comprendelos é preciso fixarnos tamén nos papeis que desenvolven esas personaxes femininas e masculinas.

Claro que a inclusión de nenas e mulleres nas historias é un paso adiante fundamental, mais deberiamos esixir algo máis que a mera presenza. Revisando os textos analizados, queda moi claro que son os nenos e os homes os que adoitan levar o peso da acción na maioría dos casos. Moitas das personaxes femininas que nos fomos atopando nas cinco editoriais estaban limitadas a funcións de coidado e seguían estereotipos conservadores e pouco realistas coas mulleres de hoxe en día. Boa fe disto dá o feito de que as descricións destas personaxes femininas adoitan artellarse ao redor do seu aspecto físico e á súa condición de compañeiras, nais ou avoas de outras personaxes. Se presentamos a unha personaxe protagonista como a dona de loiros cabelos casada co protagonista, estamos a desprezar o seu valor e a facer que a súa relevancia dependa exclusivamente do seu compañeiro masculino e da súa beleza. Logo desa primeira revolución para a LIXG que foi a inclusión e normalización das personaxes femininas, toca iniciar unha segunda revolución que fixe os seus obxectos máis aló da inclusión, que pretenda a verdadeira igualdade.

En relación con esta cuestión dos estereotipos nos textos, hai moito máis que dicir á vista dos datos recollidos. É unha realidade que a práctica totalidade das personaxes que exercen o poder ou que se atopan en posicións de superioridade que lles permiten tomar decisións son masculinas. Quen verdadeiramente ten voz e exerce o liderado é sempre o rei, mais nunca a raíña. Elas quedan relegadas ao papel de vítimas, enclaustradas na vulnerabilidade e nunca no empoderamento. Hai ben poucos textos que contradigan estas tendencias dentro das cinco editoriais analizadas, aínda que tampouco é bó xeralizar. Neste sentido, é indiscutíbel que a selección de textos que fai cada editorial ten unha carga ideolóxica moi marcada. Os textos escollidos por cada casa seguen unha mesma liña, e transmiten uns valores semellantes. Isto reafirma a afirmación que xa se facía na xustificación teórica de que os libros de texto son ferramentas de transmisión de valores e currículum oculto. E a literatura é un dos eixes fundamentais dese labor de construción de valores morais.

Que isto deba ser así ou non é discutíbel, mais a realidade do analizado nesta investigación lévanos a afirmar que a observación do uso que fai cada editorial da literatura é suficiente para determinar qué asuntos son relevantes ou non a nivel social na súa opinión. E vendo os resultados acadados na análise dos ítems que se refiren á perspectiva de xénero, non podemos concluír outra cousa que a confirmación da hipótese central que se formulaba na punto 2. A igualdade de xénero non é un asunto central dentro dos valores que as editoriais inclúen nos seus libros de texto e, por tanto, non é un factor que teñan en conta á hora de facer unha selección literaria. E da man desa conclusión agroman outras semellantes, como o feito de que as minorías seguen a estar invisibilizadas. Ben relevante neste sentido é a diferenza notábel entre a porcentaxe de textos que se poden clasificar como LIX e os que se poden clasificar como LIXG. O galego segue sen ser criterio prioritario na selección de textos para traballar na materia de Lingua Galega e Literatura, outra evidencia máis de que a lingua segue sen ser valorada aínda como recurso de estudo de si mesma. Isto non quere dicir que sexa algo negativo incluír textos provintes doutros idiomas nos manuais de Lingua Galega e Literatura, mais si quere dicir que os textos escritos orixinalmente na nosa lingua deberían ser maioría absoluta.

Da mesma maneira que a tradución de textos é unha práctica habitual nos libros de textos analizados, tamén o é a adaptación dos textos orixinais. De novo, o feito en si mesmo non ten connotacións negativas, mais cando se convirte en sistema máis que en práctica ocasional fai sospeitar. Unha tendencia clara de certas editoriais, curiosamente xusto aquelas que máis textos

adaptados empregan, é a infantilización poderiamos dicir que, mesmo brutal, do seu contido literario. Os nenos e nenas poden acceder a textos que non teñan como protagonistas animais con cualidades humanas, poden ler sobre asuntos con relevancia social, poden comprender liñas narrativas non lineais e simplistas. Este paternalismo desaforado fai que, en lugar de abrir fiestras ao mundo dende a aula, cremos unha especie de visión edulcorada e suavizadada realidade onde todo se explica a través de ras e coelliños que ou están tristes ou felices, sen matices nin conexión algunha coas realidades que o alumnado de seguro vive no seu día a día.

Porque, precisamente, ese é o motivo que xustifica a necesidade de incluír a perspectiva de xénero nas aulas e nos libros de texto, que é un problema real ao que os nenos e nenas se enfrontan na vida diaria. E falamos da desigualdade en tódolos seus aspectos, dende a violencia física e psicolóxica á desigualdade laboral e ás agresións sexuais. A desigualdade de xénero forma parte da nosa sociedade, e escondela á vista dos nenos e nenas non é unha solución, senón unha maneira de acrecentar o problema. Se verdadeiramente queremos fomentar o espíritu crítico e ampliar o valor que lle dan á liberdade e á igualdade, debemos falar do que se está a facer mal, do que é preciso mudar. A invisibilización da desigualdade é quitarlle voz a quen está en posición de inferioridade, é quitarlle importancia ao problema. Os nenos e nenas teñen o dereito de recibir unha educación completa que lles permita comprender o mundo no que viven e extraer as súas propias conclusións do que ven día a día.

Dificilmente estamos a respectar ese dereito se menosprezamos as súas capacidades para comprender e interpretar. E o certo é que os manuais analizados fan xustamente isto, limitando a reflexión á inclusión puntual de exercicios onde se lles solicita que reflexión sobre a actitude de algunha personaxe. A isto súmase o feito de que non existe unha progresión no nivel de comprensión lectora. Os textos das primeiras unidades son exactamente iguais aos das últimas, semella que non se agardan avances no alumnado no que se refire ao léxico ao que poden acceder e ás construcións sintácticas que manexan, sen mencionar que a complexidade argumental tampouco aumenta. E a esa ausencia de progresión e de criterios asociados á perspectiva de xénero hai que sumarlle un terceiro asunto que fala en negativo dos criterios de selección das editoriais, a uniformidade dos textos.

A meirande parte dos textos comparten temáticas, mais tamén xéneros literarios. A narrativa e, en menor medida, a poesía, son os únicos xéneros representados con dignidade. Poderiamos falar de se é conveniente seguir a clasificar os textos seguindo ese anticuado criterio de xénero

literario ou non, mais é unha discusión para outra investigación e, neste caso, a clasificación resúltanos útil. E o feito de que tódolos textos analizados encaixen perfectamente nunha ou noutra categoría é en si mesmo un indicador claro da pouca literatura de vangarda que se inclúe nos libros de texto. A poesía que se escolle, por exemplo, é extremadamente clásica, con medida e rima perfectas e seguindo estruturas que están moi lonxe do que é o panorama poético galego actual. Por non falar da absoluta desaparición do teatro, que sendo como é unha ferramenta de extraordinario potencial para integrar nas aulas de Educación Primaria, queda relegado a aparicións anecdóticas nas últimas unidades onde se inclúen os contidos teóricos do teatro asociados ao bloque de literatura. O mesmo acontece coa banda deseñada, que tan interesante podería ser para explorar a maneira na que se funden palabra e imaxe para contar historias, como un primeiro paso para introducir na aula conceptos como a hibridación artística.

E, se ben é certo que resulta menos sinxelo atopar exemplos de LIXG no ámbito do teatro e a banda deseñada, non podemos empregar esta circunstancia como excusa para centrarnos unicamente na narración e a poesía. Coleccións como a da Biblioteca Dramática Galega, editada pola Xunta de Galicia en colaboración con Xerais, inclúen numeroso títulos teatrais escritos para nenos e nenas e asinados por autores de calidade como Paula Carballeira, Carlos Labraña, Teresa González Costa ou Antón Cortizas (inclúense algúns exemplos na fig. 7, no Anexo II páx. 80). As obras incluídas nesta selección foron, ademais, galardoadas co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, que leva activo dende o 2006. Recoñecementos literarios coma este poden ser tamén unha boa maneira de coñecer obras de calidade á hora de facer unha boa selección literaria. No que se refire á banda deseñada, contamos no panorama da LIXG con excelentes recursos, como pode ser, por poñer un exemplo, a serie *Animalia* de Xosé Tomás publicada por Merlín cómics este mesmo ano (véxase fig. 6; Anexo  II, páx. 79), aínda que calquera dos títulos publicados nesa colección de Xerais podería ser axeitado.

Da mesma maneira desaparecen as escusas para non incluír textos con perspectiva de xénero dende o momento en que existen guías e recursos que recollen e organizan obras que cumpren criterios de igualdade e introducen temáticas e personaxes sensíbeis ao redor de este asunto. Neste sentido, podemos destacar a que saiu do prelo neste mesmo ano 2019 da man da Xunta de Galicia e que foi coordinada pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), a *Guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade* (fig. 5, Anexo II páx. 79). Neste recurso, en concreto, as lecturas están organizadas en primeiras lecturas, lecturas autónomas e lecturas

expertas e para cada obra inclúese, ademais da ficha técnica, unha relación de contidos relacionados coa igualdade, as temáticas principais, exercicios moi breves de reflexión e unha serie de ligazóns web de interese relacionadas cos temas que trata o texto ou coa propia obra. Ben sinxelo sería ter de man unha guía coma esta ou semellante á hora de realizar a selección de textos literarios no proceso de elaboración dos libros de texto.

Queda ben claro que non hai motivos que xustifiquen a invisibilización da perspectiva de xénero, así como tampouco os hai para explicar as outras deficiencias que vimos abordando ao longo deste apartado de conclusións. A realidade é que os libros de texto son unha ferramenta central de traballo na meirande parte das aulas de Educación Primaria, por non dicir que son o factor determinante na selección e organización de contidos e, baixo unha análise detallada, detéctanse deficiencias importantes. Se queremos mellorar a calidade da educación, debemos mellorar tamén a calidade dos materiais cos que se traballa, e iso inclúe a literatura que entra na aula.

## 7. Valoración da aplicación

Tomando perspectiva, os resultados e conclusións que nacen desta investigación teñen relevancia académica e axústanse ás preguntas de investigación e á hipótese central formuladas no punto 2. Os obxectivos, tanto xerais como específicos deste Traballo de Fin de Grao foron acadados dunha maneira satisfactoria.

Dunha maneira máis concreta, o presente estudo cobre un baleiro no eido investigativo no que se refire á necesidade de relacionar elementos básicos da acción educativa co desenvolvemento dunha educación con perspectiva de xénero. Outro aspecto relevante é a énfase na relación entre valores e literatura e a análise que se fai arredor dos valores ocultos que transmiten os textos escollidos para conformar os libros de texto.

O feito de traballar ao redor da desigualdade de xénero dende a lingua galega tampouco é casual, pois estabelece unha relación entre dous elementos que teñen moito que ver coa reivindicación da igualdade e a identidade. Empoderarnos como galegofalantes e como mulleres é unha necesidade, especialmente no contexto social actual onde, afortunadamente, se están a abrir diálogos sobre a necesidade de integrar posturas feministas en tódolos ámbitos.

E, como aínda sendo esencial non abonda con dialogar, esta investigación é tamén unha maneira de reivindicar ese feminismo académico que traballa dende as aulas constatando datos que nos permitan argumentar cientificamente o real que é a desigualdade de xénero e a maneira na que se

transmite, de xeración e xeración, constituíndo un problema endémico e transversal ao que xa é hora de poñer solución.

Neste sentido, os resultados da investigación abren a porta a novas preguntas e novos interrogantes que constitúen novas liñas de investigación. Sería interesante, por exemplo, comprobar se o tratamento que se dá aos textos literarios é o mesmo nos libros de texto de Lingua Castelá. Tamén sería moi relevante comprobar de qué maneira reaccionan os nenos e nenas ante os materiais presentados polas editoriais, isto é, se son motivadores e espertan o seu interese pola aprendizaxe e a lectura. Outra cuestión que resulta chamativa dentro dos resultados de investigación son os datos asociados ás ilustracións que acompañan aos textos. Sería un bo ámbito para ampliar a investigación, como tamén o sería as fotografías incluídas na totalidade dos manuais, onde poderiamos analizar a presenza de prexuízos de xénero entre outras cousas. E absolutamente complementaria á análise que se presenta neste documento sería a observación e consideración dos exercicios que se adxuntan aos textos literarios analizados, pois aínda que é unha cuestión á que se fai referencia en varios momentos, non se chega a afondar como se podería polas restricións de espazo.

Porén, estas novas liñas de investigación excederían os límites dun traballo coas características dun TFG e quedan pendentes de desenvolver en investigacións futuras que poidan tomar a presente como base.

## 8. Relación de fontes documentais


Agrelo Costas, M.E. (2017). Valores na obra infantil de Agustín Fernández Paz. *Elos: revista de literatura infantil e xuvenil, 4,* 109-127.

Álvarez Núñez, S. (1988). Bruxas e fadas. O dual feminino do mal e do ben. *Festa da Palabra Silenciada, 5*, 28-31.

Aleixandre, M. (2014). *Ovella descarreirada*. Vigo: Xerais.

Arizpe, E. (2015). Libros, lectores y lectura en la literatura infantil y juvenil: Personajes analfabetas y "abyectos". *Bellaterra Journal of Teaching & Learning Language & Literature, 8(4),* 9-23.

Beauvoir, S. (2017). *El segundo sexo*. Madrid: Cátedra.

Calvo, Y. (2002). *Literatura, mujer y sexismo*. Costa Rica: Universidad Nacional de Heredia.

Colomer, T. (1998). *La formación del lector literario. Narativa infantil y juvenil actual.* Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Colomer, T. (2010). *Introducción a la literatura infantil y juvenil actual*. Madrid: Síntesis.

Diekman, A. B. e Murnen, S. K. (2004). Learning to Be Little Women and Little Men: The Inequitable Gender Equality of Nonsexist Children's Literature. *Sex Roles, 50 (5-6),* 373–385.

Documento Marco para a elaboración do TFG do curso 2018/2019. Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña.

Feministas Independentes Galegas (2007). Festa da palabra silenciada. En Álvarez, L, Puñal, A. e Evans, J. (Coord.), *Comunicación e xénero: actas do Foro Internacional celebrado en Liña e en Pontevedra entre o 9 de outubro e o 25 de novembro de 2006* (pp. 487-490). Pontevedra: servizo de publicacións da Universidade.

Fernández Paz, A. (2014). Reflexiones sobre la precaridad laboral. *Peonza: revista de literatura Infantil y Juvenil*, *108,* 53-60.

Garralón, A. (2017). Lectocrimen: o cómo la mediación puede matar el gusto por la lectura. Recuperado de http://anatarambana.blogspot.com/2017/11/lectocrimen-o-como-la-mediacion-puede.html (última consulta 18/04/2019).

Leibrandt, I. (2012). La literatura juvenil histórica como medio para la construcción de la identidad. *Revista Impossibilia, 4,* 184-200.

Macaya, E. (1997). *Espíritu en carne altiva.* Costa Rica: Universidad de San José.

Machado, A. M. (2002). *Lectura, escuela y creación literaria.* Salamanca: Anaya.

Manguel, A. (2013). *The traveler, the tower, and the worm.* Reading as metaphor. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

Martínez, R. M. (2018). A representación do xénero na narrativa galega para a primeira infancia (2010-2014): análise cuantitativa e cualitativa. *DIGILEC: Revista Internacional de Lenguas y Culturas*, *4*, 18-36.

Méndez Garita, N. (2004). Un acercamiento al cuento infantil desde la perspectiva de género. Estereotipos en el cuento infantil. *Revista electrónica Educare, 7,* 127-140.

Mera, H. (2004). A literatura infantil e xuvenil en Galicia. Cara a unha restruturación do sistema literario. *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca, 10*, 139-156.

Noia, C. (2005). Bruxas e fadas, princesas e labregas. Figuras de muller nos contos galegos. *Anuario Grial de estudos literarios galegos 2005*: 74-87.

Ochoa, D.; Parra, M. y García, C. T. (2006). Los cuentos infantiles: niñas sumisas que esperan un príncipe y niños aventureros, malvados y violentos. *Revista Venezolana de Estudios de la Mujer*, *11*, 27-45.

Olid, I. (2009). Entre chicos y chicas: la fuerza de los estereotipos. La nueva chick lit para adolescentes. En T. Colomer (coord.): *Lecturas adolescentes*. Barcelona: Graó.

Panero Menor, M. C. (1988). Presencia da personaxe feminina na literatura galega infantil escrita por homes. *Festa da Palabra Silenciada*, 5, 26-27.

Pardo de Neyra, X. (2006). *As orixes da literatura infantil galega*. Santiago de Compostela: Biblioteca de divulgación da Universidade de Santiago de Compostela.

Pena Presas, M. (2012). As imaxes femininas na narrativa infantil e xuvenil galega dos roles tradicionais á novela feminista (1975-1985). *Madrygal: Revista de estudios gallegos*, *15*, 107-117.

Pena Presas, M. (2015). Identidades femininas e educación literaria: análise crítica das coleccións coeducativas para a infancia e a mocidade. *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, *18*, 367-375.

Pena Presas, M. (2018). *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Ramada Prieto, L. (2018). Cariño tenemos que hablar. Ficción infantil y juvenil y su mediación. *Peonza: Revista de Literatura Infantil y Juvenil*, *126*, 7-15.

Roig Rechou, B.-A. (coord.) (2015). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Edicións Xerais.

Sampedro Martínez, P. (coord.) (2019). *Guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Sartelli, S.L. (2018). Los roles de género en cuentos infantiles: perspectivas no tradicionales. *Revista de Derecho y Ciencias Sociales, 18,* 199- 218.

Schaeffer, H. R. (1994). Interacción y socialización. Madrid: Visor.

Seoane, X. (2018). *Lingua de Eva e Adán*. A Coruña: Espiral Maior.

Shavit, Z. (1986). *Poetics of Children´s Literature*. Athens: The University of Georgia Press.

Socías Muñoz, E. (2018). La importancia del género femenino en la literatura desde la construcción educativa en 1970-1980. *Revista Cabás, 19,* 57-70.

Soriano, E. (2011). *El valor de la educación en un mundo globalizado*. Madrid: La Muralla.

Todorov, T. (2007). *Introducción a la literatura fantástica.* México: Coyoacan.

Tomás, X. (2019). *Animalia 2*. Branco. Vigo: Xerais.

Valls, F. (2003). *La realidad inventada*. Barcelona: Crítica.

Yubero, S. (2007). Los valores en las lecturas. La lectura como valor. *Aula Infantil, 39,* 43-46.

Yubero, S., Sánchez, S. e Larrañaga, E. (2013). El fomento de la lectura en contextos familiares. En Ramos García, M. e Ferreira Boo, C. (ed). *La familia en la literatura infantil y juvenil* (pp. 415-435). Vigo-Braga: ANILIJ, ELOS e CIEC.

**Anexo I: Táboas de resultados**

ANAYA

| Texto | Personaxes principais femininas | Personaxes secundarias femininas | Roles das personaxes femininas | Roles das personaxes masculinas | Temáticas con pdx | Prexuízos de xénero | Autor ou autora | LIX? | LIXG? | Texto adaptado? | Presenza feminina nas ilustracións | Linguaxe non sexista | Subxénero |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A historia de Carpantín, o monstro comexiz** | 50 % (1/2) | - | Nena (alumna) | Monstro | Non | Non | Home | Si | Si | Si | 55.5% (5/9) | Non | Narrativa |
| **Acuarelas** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | 66.6% (2/3) | Non | Poesía |
| **Vaia tropa!** | 0% (0/1) | - | - | Profesor | Non | Non | Home | Si | Si | Non | 33.3% (1/3) | - | Narrativa |
| **Ondas de verde e azul** | | - | - | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | 0% (0/1) | - | Poesía |
| **As catro estacións** | | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | 0% (0/1) | Non | Poesía |
| **Anacos de pan de millo** | 0% (0/1) | - | - | Neno | Non | Non | Home | Si | Si | Non | - | - | Narrativa |
| **Martingadas. Poemas para nenos** | 25% (1/4) | - | Bruxa | Sacaúntos, pantasma e Belcebú | Non | Non | Home | Si | Si | Non | - | Non | Poesía |
| **Tres voltas á planeta** | - | - | - | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | 100% (1/1) | - | Poesía |
| **Estou gordecho, e que?** | 0 % (0/1) | 50% (2/4) | Avoa e nena en perigo | Bombeiro e abusóns | Non | Si, a nena en perigo rescatada polo protagonista, forzas de seguridade | Home | Si | Non | Si | 35.3% (6/17) | Non | Narrativa |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | masculinas e coidadora feminina (avoa) | | | | | | | |
| **Baldras, o xigante** | 0% (0/1) | 33.3% (1/3) | Tendeira | Xigante, amigos | Non | Si, a muller pasiva, só avisa | Muller | Si | Si | Non | 0% (0/3) | Non | Narrativa |
| **O trasno de Alqueidón** | 0% (0/1) | - | - | Trasno | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | 0% (0/1) | Non | Narrativa |
| **Do A ao Z con Rosalía** | - | - | - | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Un rato díxolle á lúa** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | 100% (1/1) | - | Poesía |
| **O pequeno abeto** | 0% (0/1) | 0% (0/1) | - | Ladrón | Non | Non | Home | Non | Non | Si | - | Non | Narrativa (conto popular) |
| **Desde unha estrela distante** | 100% (1/1) | - | Nena exploradora | - | Non | Non | Home | Si | Si | Si | 100% (0/1) | - | Narrativa |
| **Vamos, compañeiros** | 0% (0/1) | 0% (0/1) | - | Neno Xesús e mariñeiros | Non | Si, en ilustración nenas vestidas de rosa e neno de azul | - | Non | Non | Non | 75% (3/4) | Non | Poesía (panxoliña) |
| **Máis contos de animais** | 50% (1/2) | - | Formiga traballadora | Melro preguiceiro | Non | Non | Home | Si | Si | Non | 50% (1/2) | - | Narrativa |
| **A princesa e o chícharo** | 100% (1/1) | 50% (1/2) | Princesa en apuros e raíña recelosa | Rei que toma a iniciativa de abrir a porta | Non | Si, a muller precisa axuda e a muller desconfía cando o | Home | Si | Non | Non | - | - | Narrativa |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | home axuda | | | | | | | |
| **Carapuchiña vermella** | 50% (1/2) | 50% (1/2) | Carapuchiña lista, boa e xusta | Lobo alvado que se quere redimir | Non | Si, a bondade dela fai que el deixe de ser malvado | - | Si | Non | Non | 100% (1/1) | - | Narrativa |
| **Os sabuxos entran na casa do pé esquerdo** | 0% (0/1) | 33.3% (2/6) | Nena que axuda ao pai e señora presumida | Mago, empresario, policías e pirata | Non | Si, os homes son presonaxes aventureiras e a muller só se define por ser presumida e prestar asistencia. De novo forzas de seguridade masculinas. | Home | Si | Non | Non | 33.3% (3/9) | Non | Narrativa |
| **Bruxa con verruga** | 100% (1/1) | - | Bruxa malvada | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Cantarolas** | - | - | - | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Mazapán** | 0% (0/1) | 50% (1/2) | Avoa | Homiño de mazapán e avó | Non | Si, a avoa cociña | - | Si | - | Non | 0% (0/1) | - | Narrativa (conto popular) |
| **Macarrón de narices** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | - | Non | Narrativa |
| **Hansel e Gretel** | 50% (1/2) | 100% (1/1) | Nena perdida e vella bruxa | Neno perdido | Non | Non | Home | Si | Non | Non | - | - | Narrativa |
| **Marcopola. Os piratas da** | 0% (0/2) | - | - | Naúfrago | Non | Non | Home | Si | Non | Non | 0% (0/2) | - | Banda deseñada |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **lúa** | | | | | | | | | | | | | |
| **A campá da lúa** | 0% (0/1) | - | - | Anano | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | 0% (0/2) | - | Poesía |
| **Contos para levar no peto** | 100% (1/1) | - | Ela, que camiña e observa | - | Non | Non | Home | Si | Si | Si | 100% (1/1) | - | Narrativa |
| **Un rato díxolle á lúa** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Contos de encantamento II** | 0% (0/1) | 0% (0/2) | - | Rei e homes vellos | Non | Si, nas ilustracións forzas de autoridade masculinas | Home | Si | Si | Si | 0% (0/4) | - | Narrativa |
| **O galo avisado e o raposo trampulleiro** | 0% (0/2) | 50% (1/2) | Galiñas protexidas polo galo | Rei e protagonistas da acción | Non | Si, elas teñen que ser protexidas por unha personaxe masculina fronte a outra personaxe masculina | Home | Si | Si | Si | 33.3% (1/3) | - | Narrativa |
| **Farrapos de nube** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **O reflexo** | 0% (0/1) | - | - | Can avariciosp | Non | Non | Home | Non | Non | Non | 0% (0/1) | - | Narrativa (fábula) |
| **O arquipélago da cabra** | 0% (0/5) | - | - | Piratas arriscados | Non | Non | Home | Si | Non | Si | - | - | Narrativa |
| **Hadabruja** | 100% (1/1) | 100% (1/1) | Nena e bruxas | - | Non | Non | Muller | Si | Non | Si | - | - | Narrativa |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Contos e poemas para un mes calquera** | 100% (1/1) | - | Nena durmida | - | Non | Si, a nena é un obxecto pasivo, fermoso e esvelto que só e destacábel polo seu físico | Home | Si | Non | Si | 100% (1/1) | Non | Narrativa e poesía |
| **Un rato díxolle á lúa** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Eu dareiche** | 50% (2/4) | - | Sen relevancia | Sen relevancia | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Un niño no xardín** | 100% (1/1) | 50% (2/4) | Primavera, moza do vento e terra | Vento e mar | Non | Si, a primavera é feminina porque é unha moza perfumada e chea de flores, o vento intérprido ten sunha moza da que só se di que é fermosa | Home | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Martingadas** | 50% (2/4) | - | Princesa enfeitizada e bruxa malvada | Pirata e ogro cruel | Non | Si, reproduce personaxes arquetípicas | Home | Si | Si | Non | 25% (1/4) | - | Poesía |
| **Tres voltas ó planeta** | - | - | - | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Don Inventos** | 0% (0/1) | - | - | Sabio | Non | Non | Muller | Si | Non | Si | 0% (0/2) | Si | Narrativa |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Textos para o ensino do galego** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Si | - | - | Poesía |
| **O meu gato é un poeta** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | 50% (1/2) | - | Poesía |
| **Ratos** | 100% (1/1) | - | Gaiteira | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | 100% (1/1) | - | Poesía |
| **O merlo de ferro** | 0% (0/1) | - | - | Ferreiro forte | Non | Non | Home | Si | Si | Si | 0% (0/1) | - | Narrativa |
| **A fontiña** | - | - | - | - | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Un rato díxolle á lúa** | 0% (0/1) | - | - | Trobador | Non | Non | Home | Si | Si | Non | 0% (0/1) | - | Poesía |
| **A profesora Ripaldi** | 100% (1/1) | 0% (0/1) | Profesora | Chófer | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Narrativa |
| **Cantarolas** | 50% (1/2) | 0% (0/2) | Ra malcriada | Sapo, río e narrador | Non | Si, ela crea conflicto e unha personaxe masculina superior resólveo | Muller | Si | Si | Non | 33.3% (1/3) | - | Teatro en verso |
| **Boas noites** | 0% (0/2) | 100% (1/1) | Nena durmida, pasiva | Pai que a protexe e monstro | Non | Si, ela pasiva e o mostro sempre masculino | Muller | Si | Si | Si | 0% (0/1) | - | Teatro |
| **Os soños na gaiola** | - | - | - | - | Non | Non | Home | Si | Si | Non | - | - | Poesía |
| **Contos dos sete camiños** | 0% (0/3) | - | - | Narrador, sapo e caracol | Non | Non | Muller | Si | Si | Non | - | - | Teatro |
| **Total** | 30.65% (19/62) | 40% (14/35) | | | 0% (0/53) | 26.41% SI (14/53) | 34.6% Mulleres | 94.34% SI | 75% SI (39/52) | 26.42% SI (14/53) | 35.63% (31/87) | 7.7% SI (1/13) | 46.23% poesía, |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
